

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2012/02
CARACTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 23 de marzo de 2012.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **23 de marzo de 2012** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
Dona María Teresa González Piñeiroa.
D.Xavier Campos López.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D.José Manuel Yañez Dablanca
D^a Azucena González Loredo.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario acctal:

D. Fidel Maañón López.

Interventora:

D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez

Técnico de Admon. Xeral.

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2012.05.01.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA NÚMERO 2012/01 DE 16 DE XANEIRO DE 2012.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios copia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2012.06.02.-EXPEDIENTE PARA APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Por Secretaría dase lectura á Proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe de seguido:

“Segundo o disposto no artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal (LOPD) e artigo 52 do Regulamento de desenvolvemento da LOPD aprobado mediante Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, de forma previa á notificación e solicitude de inscrición no Rexistro dos ficheiros de titularidade pública, o responsable do ficheiro deberá crear, modificar ou suprimir o ficheiro mediante unha disposición de carácter xeral ou acordo e publicar no correspondente diario ou boletín oficial a devandita disposición ou acordo.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e Regulamentos.

Polo exposto, esta Alcaldía

PROPÓN ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

1º. A aprobación inicial do REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADEO, que se engade como anexo a esta proposta.

2º. A exposición ao público aos efectos regulamentariamente previstos.

3º. Facultar a Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADEO.

A Constitución Española, no seu artigo 18, recoñece como un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de Regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e Regulamentos.

Artigo 1.–Obxecto e ámbito.

1. O presente Regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Ribadeo, e que se relacionan no anexo I.

2. A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade de ditos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, o órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación da L.O. 15/1999, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 2.–Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ribadeo que figuran como anexo I co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007.

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ribadeo rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Artigo 3.–Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Ribadeo é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Artigo 4.–Responsabilidade dos ficheiros.

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ribadeo corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de Alcalde-Presidente.

2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no anexo I particularmente para cada ficheiro.

Artigo 5.–Cesión de datos.

Aplicarase ao respecto o réxime establecido no artigo 21 da Lei 15/1999 e o especificado para cada ficheiro.

Artigo 6.–Medidas de seguridade.

1. O Concello de Ribadeo implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, o Concello de Ribadeo velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

Artigo 7.–Dereito de información na recollida de datos.

As persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.

Artigo 8.–Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

O órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición con relación a calquera dos ficheiros municipais de datos de carácter persoal establecerase particularmente para cada ficheiro, sendo por defecto ante a Alcaldía-Presidencia.

Disposición final.

O presente Regulamento entrará en vigor tras da súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADEO.

ANEXO I. FICHEIRO A

NOME DO FICHEIRO: “**AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello de Ribadeo, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Axentes de emprego contratados polo Concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, email).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia) Asi mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualizase polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO B

NOME DO FICHEIRO: **“PARTICIPANTES EN ACCIONS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO”**

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. email); datos do proxecto de creación de empresa (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, a C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa preciso para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizárase polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO C.

NOME DO FICHEIRO: **URBANISMO:**

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais para realizar as funcións correspondentes no ámbito urbanístico e administrativo do Concello de Ribadeo.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Solicitantes e interesados nos expedientes.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola persoa interesada tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. email); datos do proxecto técnico (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro so serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro

do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualízase polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO D.

NOME DO FICHEIRO: **REXISTROS.**

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais para realizar as funcións correspondentes ao rexistro de documentos administrativos (entradas e saídas), Rexistros contables e fiscais do Concello, Rexistro de matrimonios civís, Rexistro de Parellas de Feito, Rexistro de animais potencialmente perigosos, Rexistro de postos na Praza de Abastos, Rexistro de inscricións de enterramento nos cemiterios municipais, Rexistro de licencias municipais de apertura e actividade, Rexistro municipal de Asociacións.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Solicitantes, persoas físicas e xurídicas e interesados en xeral nos expedientes que se presenten ou deban surtir efectos no Concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obtéñense por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. Email, nº de rexistro, e demais datos precisos para o rexistro correspondente.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO E.

NOME DO FICHEIRO: **PERSOAL.**

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais para rexistros de persoal funcionario e laboral fixo e contratado, eventual que presta servizos no Concello así como para a elaboración de nóminas de persoal, confección de liquidacións ante a S.social e ante a facenda pública.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas que prestan servizos no Concello como persoal funcionario, laboral fixo e contratado temporal, en réxime de colaboración social, persoal eventual.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos como DNI/NIF, nº de seguridade social, nome e apelidos, teléfono, estado civil, data de nacemento, sexo, domicilio postal e electrónico no seu caso, nacionalidade, datos persoais, circunstancias sociais e familiares, títulos académicos e profesionais, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, nº conta bancaria, datos fiscais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados, entidades bancarias ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualízase polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO F.

NOME DO FICHEIRO: SERVICIOS SOCIAIS

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos de carácter persoal das persoas que reciben servizos de carácter social como axuda a domicilio, inserción e integración social, así como prestacións sociais ou axudas económicas, trámites de subvencións e relativos á lei de dependencia así como relativos á violencia de xénero e emigración.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas que reciben servizos ou prestacións de tipo social.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos como DNI/NIF, nº de seguridade social, nome e apelidos, teléfono, estado civil, data de nacemento, sexo, domicilio postal e electrónico no seu caso, nacionalidade, datos persoais, circunstancias sociais e familiares, títulos académicos e profesionais, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, nº conta bancaria, datos fiscais, de emprego, sobre violencia de xénero, saúde, relativos á imaxe, políticos, sindicais, orientacións sexual, relixioso e racial.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados, entidades bancarias ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualízase polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de nivel alto.

ANEXO 1. FICHEIRO G

NOME DO FICHEIRO: **PADRON DE HABITANTES.-**

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais para o rexistro das persoas residentes no termo municipal e os movementos padronais dos mesmos.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Solicitantes, persoas físicas residentes no termo municipal.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF ou documento de identidade correspondente, sexo, enderezo, nivel de estudos, lugar de nacemento e demais datos precisos para o rexistro no padrón municipal conforme fixan as correspondentes disposición legais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualízase polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO H

NOME DO FICHEIRO: **CONTRATACIÓN DE OBRAS E SERVICIOS.**

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais necesarios para as contratacións de obras e servicios municipais.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Solicitantes, persoas físicas ou xurídicas que interveñan nos procedementos de contratación de obras e servicios no Concello de Ribadeo.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF ou documento de identidade correspondente, CIF, enderezo, datos económicos e financeiros e demais datos precisos para a tramitación oportuna dos procedementos de contratación de obras e servicios conforme fixan as correspondentes disposición legais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualizarase polos responsables do servicio correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servicio correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO I

NOME DO FICHEIRO: TRIBUTOS-CONTABILIDADE.

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais necesarios para levar a contabilidade e fiscalidade do Concello, recadación tributaria de impostos, taxas, sancións administrativas e demais procedementos económicos municipais.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas físicas ou xurídicas que interveñan nos procedementos de tipo económico, tributario e fiscal que se tramiten polo Concello de Ribadeo.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF ou documento de identidade correspondente, CIF, enderezo, datos económicos e financeiros e demais datos precisos para a tramitación oportuna dos procedementos conforme ás correspondentes disposición legais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarse polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO J

NOME DO FICHEIRO: CULTURA, BIBLIOTECA, MEDIO AMBIENTE, DEPORTES, INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR E INFORMACIÓN XUVENIL.

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais necesarios para a tramitación dos expedientes municipais nas áreas indicadas.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Solicitantes, persoas físicas ou xurídicas que interveñan nos procedementos de ámbito cultural, de biblioteca, medio ambiente, deportes, información ao consumidor e información xuvenil no Concello de Ribadeo.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF ou documento de identidade correspondente, CIF, enderezo, datos económicos e financeiros e demais datos precisos para a tramitación oportuna dos procedementos indicados conforme sexan esixidos polas correspondentes disposición legais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualízase polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

ANEXO 1. FICHEIRO K

NOME DO FICHEIRO: XESTIÓN DE POLICÍA LOCAL.

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais necesarios para a xestión das actuacións que se encomendan á Policía Local.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Os interesados ou os seus representantes legais, Forzas e corpos de seguridade, Policía Local, Administracións Públicas.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola/s persoa/s interesada/s tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF ou documento de identidade correspondente, CIF, enderezo, teléfonos, direccións electrónicas e demais datos precisos para a tramitación oportuna dos procedementos indicados conforme sexan esixidos polas correspondentes disposicións legais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos nestes ficheiros só serán cedidos a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualízase polos responsables do servizo correspondente.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

A Comisión Informativa, por 4 votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 3 abstencións (dos membros dos Grupos do Partido Popular e Mixto), acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Interven o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que manifesta que está de acordo e vai votar a favor.

Continúa a quenda de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que tamén está de acordo e vai votar a favor.

Segue intervindo a Sra. González Loreda, concelleira do Grupo Municipal do PP, que manifesta que están de acordo, pero vanse abster xa que nos ficheiros, consideran que o último é unha especie de caixón de sastre de biblioteca, cultura, medio ambiente, información xuvenil, deportes e información ao consumidor, polo que o feito de que estea mesturado cultura e biblioteca con información ao consumidor, e os datos dun problema co que lle vendeu a lavadora están con cultura etc. Expón que eles farían outro reparto.

O Sr. Alcalde matiza que é unha aprobación inicial, e aínda que pode ter fundamento o que está dicindo, tamén é certo que ao estar todo dixitalizado pódese buscar todo con calquera palabra clave.

Anuncia que o seu grupo vai votar a favor, pero condicionado a que é unha aprobación inicial que ten que ir a exposición pública durante un mes e despois volver a pleno para a súa aprobación definitiva.

A Corporación, por 9 votos a favor (dos membros do BNG, do PSdG-PSOE e UPRI no Grupo Mixto) e 4 abstencións do Grupo Municipal do PP, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa e en consecuencia:

1º. A aprobación inicial do REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADEO, que se engade como anexo a esta proposta.

2º. A exposición ao público aos efectos regulamentariamente previstos.

3º. Facultar a Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2012.07.03.- APROBACIÓN INICIAL DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E VARIOS TITULARES PROPIETARIOS NA RÚA PINTOR FIERROS.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcadia que se transcribe de seguido:

“Pola Alcadia Presidencia á vista da proposta de convenio urbanístico epigrafiada e de conformidade có disposto nos arts. 233 a 237 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto o sinalado nos informes técnico e xurídico obrantes no expediente, e de conformidade cos mesmos,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º.- A aprobación inicial da proposta de convenio urbanístico de referencia.

2º.- A exposición ao público do mesmo de conformidade co disposto no art. 237.2 da Lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaborárase unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos propoñentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos seus membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular e Mixto), en votación ordinaria, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos termos da mesma, para a adopción polo Pleno Municipal dos correspondentes acordos.”

O Sr. Alcalde manifesta que o argumento deste punto é moi similar ao punto número 4 e ao 5, xa que son aprobacións iniciais de tres convenios.

Propón que se fale co mesmo argumento no mesmo punto. Refírese concretamente ao punto número 3 do convenio entre o concello e varios titulares propietarios na rúa Pintor Fierros, que está intimamente ligado co punto número 4, pero que se refire aos propietarios da rúa Daniel Cortezón. Considera, como xa se comentou na comisión informativa, que no que ten que ver cos convenios é un punto de chegada inicial que responde a este acordo no mandato anterior entre todos os grupos da Corporación que, á hora de elaborar o plan, viron varios sitios onde se daban problemas ao non estar ben resoltos en todas as propostas de planeamento que houbo, na aprobación inicial de 2001, no avance de 2005, na aprobación inicial de 2007, no 2008 e agora viron que se caía na mesma problemática.

Continúa o Sr. Alcalde indicado que de aí que na Corporación anterior todos os grupos encomendaron ao alcalde que iniciara as conversas nunha serie de puntos concretos, dando un resultado que se plasmou en convenio, tres no final do mandato anterior e outras tres que veñen agora. Admite que é certo que houbo algún punto máis nos que as conversas non foron satisfactorias porque ao entender dos técnicos municipais e da empresa redactora, non era satisfactorio para os intereses xerais do concello. Informa que se trata de aprobacións iniciais de proxectos ou propostas que se van incorporar ao documento para nova exposición pública do PXOM, que vai saír a exposición pública para que calquera veciño que sexa propietario ou afectado, ou cidadán poida velo e formular as súas alegacións, queixas ou o que estime conveniente, sabendo que o concello non terá responsabilidade algunha no sentido de que a Xunta de Galicia ou órgano competente decida que non lle sirvan as propostas que levan os parabéns de técnicos e xurídicos.

Considera que en todos os convenios se respectaron os principios de legalidade e, sobre todo, os principios de interese público, de cara a que a solución que se propón no convenio urbanístico é mellor para o interese público por cuestión cronolóxica, de tempo, cesións ou resolucións de problemas enquistados dende hai anos, polo tanto, irán a aprobación inicial, se hai alegacións deberán ir a pleno, a súa exposición pública simultaneárase coa exposición pública do PXOM, e confía en que despois de todo este tempo todos os que levan no goberno municipal dende fai anos, ou os que puideron seguir a política municipal de preto, por distintos motivos, é unha materia que ten pendente Ribadeo co tema do urbanismo e pensa que vai sendo hora de que vaian poñendo un punto final axeitado aos intereses xerais e á seguridade xurídica e a un documento que estea vixente canto antes e da mellor maneira posible.

Así que considera que este é o argumento para os tres puntos, se ben todos se refiren a cesión de superficies nas traseiras de rúas a cambio dunhas cesións de moita superficie, que sumada ás superficies existentes do concello, por exemplo na zona de Pintor Fierros, onde hai unha zona verde e un pequeno parque, estas novas superficies virían engadidas á parte e darían lugar a unha bolsa de solo público, zona dotacional ou zona verde moi importante en magnitude ao parque actual, que é o único dende o século XIX.

No que ten que ver ao outro espazo da Avenida Rosalía de Castro, sería un formulación similar, xa que as cesións se traducen nun aparcadoiro subterráneo de 3 plantas, de 126 prazas de aparcamento, con todos os parámetros técnicos de normativas e xiros e coa pretensión de que o promotor, na primeira fase de desenvolvemento, sería cando faría esa rúa de nova apertura e ese aparcamento soterrado debaixo desa rúa

que iría transversal á Avda. Rosalía de Castro, ocupando unha parte dese aparcadoiro en precario, público, dado que a propiedade non é municipal, entendendo todo isto, suxeito ao visto e prace de Patrimonio, Urbanismo, e dos organismos dependentes da Comunidade Autónoma que teñan que ver na aprobación definitiva do PXOM.

De seguido intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que se refire aos dous primeiros, das rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón, e tamén no terceiro, considera que falta información detallada e concreta sobre os polígonos, as áreas de reparto e demais para acreditar que se produce unha condición vantaxosa, porque simplemente con dicilo non chega, senón que hai que demostralo e saber que porcentaxes de aproveitamento lles corresponde a cada un, e iso non figura.

Cre que se nas dúas primeiras ten unha relativa importancia, na terceira, da Avenida Rosalía de Castro, é absolutamente crucial, xa que hai que saber cal é o aproveitamento medio desa parcela e se sobrepasa o que lle corresponde no polígono, en detrimento de qué vai, xa que non ten un cálculo. Considera que o informe técnico do arquitecto municipal debe incluír iso nos tres convenios.

Respecto dos dous primeiros considera que falta máis información, xa que depende de Patrimonio e da información. Por exemplo a área de protección e respecto do Camiño de Santiago chega ata a metade das dúas rúas, de Pintor Fierros e Daniel Cortezón, polo que haberá que sabelo e non sabe se os que asinaron os convenios o saben.

Refírese agora ao convenio asinado para a Avda. Rosalía de Castro, xa que aparte da propaganda das prazas, o que se vai facer alí é unha enorme edificación, onde non vai haber unha atribución de edificabilidade de transición, senón que se vai pegar a un tecido do século XIX, planta baixa máis oito máis, tomándose como modelo o edificio que hai na fronte, e non sabe cales son as vantaxes para o público.

Considera que non o pegaron ao teatro porque lles convén, pero incluso a rúa que se abriu debaixo ten aproveitamento, de modo que o efecto será tremendo ao tratarse dunha edificación excesiva. Cre que non hai ningún aporte de terreo edificable e o terreo edificable, ademais das zonas verdes, é o principio fundamental para calquera convenio que beneficie ao público, porque aos propietarios beneficiaos sen ningunha dúbida, sen embargo, o que se fai é ceder o viario e debaixo fanse os aparcadoiros, e tamén se cede unha superficie, que se fora edificable daba para unha gardería que Ribadeo non ten e precisa un espazo, ou para un centro de vellos, máis que para os aparcadoiros, porque hai que priorizar. Considera entón que non se cede espazo edificable, que se lle pon como condición que se pode poñer mobiliario urbano, e así dende os pisos traseiros vense aos nenos do parque, considera que ese convenio revaloriza os pisos dunha maneira increíble e non se consegue nada para o uso público e o tema das prazas é un engado.

Continúa intervinco o Sr. Gutiérrez e dí que no cómputo de cesións, quere ver como é, xa que ceder dominio público é obrigatorio, hai que cedelo obrigatoriamente. Considera que na lei hai un capítulo de áreas de reparto coas súas modificacións, e sen coñecementos técnicos calcula que o que era o polígono era unha porcentaxe e o que se lle vai atribuír duplicaa, polo tanto quere saber de onde sae.

Manifesta que non vai votar a favor de ningún dos convenios e vaise abster. Admite que votaría en contra, pero vaise abrir un trámite de información pública, polo que terá a oportunidade de formular a alternativa que lle pareza máis axeitada dende o punto de vista do interese público.

Continúa a quenda de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire ao convenio da rúa Pintor Fierros. Admite que viu como os voceiros de todos os grupos políticos arrimaban o ombro para sacar adiante un plan, considera que nalgúns casos se pode mellorar moito, pero recoñece que o que precisa Ribadeo é sacar un plan, polo que non se pode buscar a letra pequena a cada

cousa. Considera que no polígono non hai información de cómo van ir os viarios, nin información dos servizos, gustaríalle unha información máis detallada. Manifesta a súa intención de votar a favor, xa que el non é técnico e vaise abrir un período de alegacións, no que se poden subsanar moitas cousas.

O Sr. Alcalde preguntalle se non quere facer un debate conxunto dos tres convenios.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese agora ao convenio de Daniel Cortezón e di que é máis do mesmo.

Respecto ao convenio da Avda. Rosalía de Castro manifesta que se vai abster.

Intervén de seguido o Sr. Valín Valdés, concelleiro do Grupo Municipal do PP, que explica que a súa formulación vale para os tres convenios. Anuncia que o seu grupo vai votar a favor dos tres convenios. Explica que o fan para ser consecuentes con ese traballo de consenso que se leva facendo catro anos, aínda que para algúns será un idilio entre o PP e o BNG, para outros que o PP fai comparsa. Considera que é un acto de responsabilidade política, xa que é fundamental sacar adiante o Plan e permitiúselles a tódolos voceiros aportar, suxerir e participar, polo que é a actitude máis consecuente que se pode manter.

Explica que o que os move é o interese xeral, antepoñéndoo a calquera postura partidista, xa que considera que é fundamental, como vai ocorrer noutros temas, para que dunha vez sexa unha realidade, xa que o PXOM vai moi retrasado e é unha arma necesaria para poder desenvolver Ribadeo urbanisticamente, e a nivel económico e social. Considera que a delegación ao Sr. Alcalde foi buscando o mellor para os veciños, é unha negociación laboriosa, pero gustaríalle que non se rompese a integridade de consenso con declaracións ou notas de prensa, xa que a información que se poida dar ten que ser na liña do consenso. Cre que o plan pode ter fallos, como dicía o voceiro do PSdG pero no período de exposición pública pódense subsanar.

Vense na necesidade de apoiar os convenios e seguir traballando para que o Plan Xeral de Ribadeo sexa unha realidade o antes posible, para que non nos “volva coller o touro” con algunha lei que poida modificarse ou normativa fóra do ámbito municipal que faga retroceder o tema.

O Sr. Alcalde agradece as explicacións a todos e manifesta que foi comisionado para buscar o consenso a través do diálogo con estes propietarios, aínda que a proposta que se plasma no convenio está revisada, tutelada, modificada e matizada polos técnicos municipais do concello e da empresa redactora e, aínda que ás veces se queixe dos funcionarios por temas que non veñen a conto, quere destacar a implicación e compromiso dos técnicos xurídicos e do arquitecto municipal dunha maneira decidida, con capacidade, e cre que o Plan poderá ter moitos erros, pero é o documento mellor redactado ata agora, e para iso estiveron reunidos todos os grupos.

Respecto á cuestión de que non gusten os convenios, é exactamente o mesmo esquema que outros que se aprobaron por unanimidade fai uns meses. Cre que inclúen todos os informes técnicos e xurídicos necesarios pero, se é necesario que se despexe algunha dúbida, haberá un período de exposición pública no que se poderán facer cantas aclaracións sexan precisas, e calquera quere estar seguro de que todo o que se fai estea ben feito. Considera que se hai un feito punible non se vai facer, e cre que se teñen dado casos de actuación ou non actuación en problemas urbanísticos dos últimos anos. Se técnica e xuridicamente se asina e se aconsella que se pode facer, faise, porque o que se quere é transformar Ribadeo para ben, aínda que os plans e os convenios non son os ideais, xa que se por él fora en Rosalía de Castro expropiaba todo para facer parques e casas de dúas plantas, pero a realidade é a que é, e fíxose unha mole no outro lado con cargo ao Plan vixente do ano 1977, porque non había outro, que estaba anulado, pero achegábase bastante ao cine teatro tamén.

Considera igualmente que hai que facelo o mellor posible, dentro do que se poida, salvagardando a legalidade e intentando que o interese público sexa o mellor posible. Explica que un criterio que se mantivo no mandato anterior por todos os grupos foi que se hai que sacar unha superficie de solo non consolidado para facela consolidada a matriz restante non debe quedar prexudicada, e eses aspectos eran consultados sistematicamente aos técnicos, e no caso dos convenios cumpren eses criterios. Di que cada un dos grupos son moi distintos, e discutirán en moitas cuestións e sobre como se enfoca o mundo, pero no planeamento urbanístico intentarase seguir mantendo o consenso, porque é fundamental, e pretende que os seus fillos digan que non contribuíu a facer un lugar máis feo, senón mais agradable e bonito. Polo tanto só os move a condición de sacar o planeamento canto antes, pero non a calquera prezo, senón dentro da legalidade e co consenso de todos. Se sae será unha vitoria de todos, puido ser máis rápido pero a cuestión debe ser algo sen fisuras.

O Sr. Gutiérrez Fernández intervén para dicir que con todo o cúmulo de respostas que deu, parece que o seu Grupo quere un Ribadeo máis feo porque non vai votar a favor, pero tampouco vai votar en contra, senón que se vai abster, porque nota en falta para poder facer de xuíz, información que debería figurar nos informes. Cre que se poden facer tódalas chamadas que se queiran ao consenso, pero non é hereditario e di que antes de formar unha opinión hai que ter tódolos datos, e non di que estean mal, senón que non hai un informe, para ter o convencemento de que o convenio é vantaxoso.

Ironiza que fará unha homenaxe a tódolos funcionarios e él tamén participará e tentará facer un poema. Reitera que se vai abster porque aínda vai saír a información pública. Explica que o consenso varía porque varían as persoas, él non ten ningún interese en facer un Ribadeo peor. Aclara que non participou en ningún consenso ou reunión porque non estaba. Quere sinalar que se debera chegar a outro tipo de negociación coa perspectiva de conseguir solo edificable e non zonas verdes, xa que se van adicar a criar ovellas nas zonas verdes. Precisan espazos dotacionais. Considera que non é tan grave, que el o faría doutra maneira pero non estaba no goberno, e non tivo oportunidade de dar a súa idea.

O Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, refírese de novo ao convenio de Os Molineros. Explica que no convenio con Os Molineros votarían que sí, pero que se absteñen é por unha razón de descoñecemento técnico, xa que non teñen grandes asesores porque non son un gran partido. Saben que o convenio vai saír adiante, e a eles quédalles algo grande. Confirma o consenso durante o mandato anterior e recoñece o traballo dos técnicos.

O Sr. Valín Valdés di que dende o principio están tentando negociar, eliminando calquera tipo de recurso posible. Está seguro que se non houbera convenios, sería moito peor para o interese xeral do concello. Pon como exemplo a recente inauguración dunhas vivendas sociais nun terreo que foi unha negociación do alcalde naquel momento, que era o que estaba comisionado para chegar a un acordo. Cre que podería ser mellorable pero a eles satisfáceos a proposta.

O Sr. Alcalde apunta que é certo que o Sr. Gutiérrez Fernández non estivo no mandato anterior, pero levan dez meses de goberno e houbo varias xuntanzas nas que estivo presente. Explica que houbo disposición plena durante días e días para que se puidera consultar cos técnicos calquera tipo de dúbida. Explica que el tampouco é arquitecto nin avogado urbanista, pero se se deixa levar por iso abstense en case tódolos puntos, pero tense que fiar dos que saben.

Explica que se lle dixeran que hai un problema non o faría porque para esas cousas é bastante “medoñento”, pero todo o trámite foise dando de maneira óptima, aínda que non ideal. Ve que o debate de tres convenios é un tema parcial, xa que o conxunto do Plan Xeral ten zonas dotacionais, espazos públicos, cesión obrigada do 10% dos aproveitamentos urbanísticos para o concello de Ribadeo, segundo a Lei do Solo de Galicia, a única operación de aproveitamento do solo urbanístico deuse no desenvolvemento do Plan do 93 cando o Sr. Gutiérrez Fernández era alcalde e se aprobou, e na época do Sr. Rodríguez Andina que se desenvolveu. Cre que foi a única operación dun aproveitamento urbanístico onde o resultado foi unha parcela de 500 m². Resume que en 20 anos foi a única cesión que houbo, dende aquela só cando se pecha un muro se obriga a que ceda o que queda do muro para fóra. Considera que vai sendo hora de que se doten de instrumentos legais e que cumpran a Lei do Solo de Galicia, sen ser máis ambiciosos. Pon como exemplo deixar tantas prazas de aparcamento por cada 100m², deixar 10 m² de cada 100m² de zona verde, espazo dotacional e darlle ao concello de Ribadeo o aproveitamento urbanístico do 10% dos polígonos urbanísticos, explica que de 100 entre público e privado vai un pouco máis da metade, así como que as obras se fagan simultáneas ou previas á construción das vivendas. Se iso se cumpre dáse por safisteito, aínda que sabe que é necesaria unha gardería, para a que cederon terreo á Xunta de Galicia dende fai catro anos. Sabe que é necesaria unha residencia da terceira idade, para a que están tentando buscar un consenso, pero cre que non vai no debate dos convenios urbanísticos. Da por pechado o debate.

A Corporación, por 12 votos a favor (dos Grupos Municipais do BNG e PP e do membro de UPRI no Grupo Mixto), e 1 abstención do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e consecuentemente:

1º.- A aprobación inicial da proposta de convenio urbanístico de referencia.

2º.- A exposición ao público do mesmo de conformidade co disposto no art. 237.2 da Lei 9/2002.

2012.08.04.- APROBACIÓN INICIAL DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E VARIOS PROPIETARIOS NA RÚA DANIEL CORTEZÓN.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

Pola Alcaldía Presidencia á vista da proposta de convenio urbanístico epigrafiada e de conformidade có disposto nos arts. 233 a 237 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto o sinalado nos informes técnico e xurídico obrantes no expediente, e de conformidade cos mesmos,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º.- A aprobación inicial da proposta de convenio urbanístico de referencia.

2º.- A exposición ao público do mesmo de conformidade co disposto no art. 237.2 da Lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaborárase unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos propoñentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos seus membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular e Mixto), en votación ordinaria, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos termos da mesma, para a adopción polo Pleno Municipal dos correspondentes acordos.

Consta a deliberación da Corporacion sobre este punto ao se ter realizada dunha forma conxunta, aínda que coas matizacións individuais para cada un dos puntos números 3, 4 e 5 da Orde do día.

De seguido, en votación ordinaria, por 12 votos a favor (dos Grupos Municipais do BNG e PP e do membro de UPRI no Grupo Mixto), e 1 abstención do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, a Corporación acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e consecuentemente:

1º.- A aprobación inicial da proposta de convenio urbanístico de referencia.

2º.- A exposición ao público do mesmo de conformidade co disposto no art. 237.2 da Lei 9/2002.

2012.09.05. APROBACIÓN INICIAL DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS S.L. NA AVDA. DE ROSALÍA DE CASTRO.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía Presidencia á vista da proposta de convenio urbanístico epigrafiada e de conformidade có disposto nos arts. 233 a 237 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto o sinalado nos informes técnico e xurídico obrantes no expediente, e de conformidade cos mesmos,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º.- A aprobación inicial da proposta de convenio urbanístico de referencia.

2º.- A exposición ao público do mesmo de conformidade co disposto no art. 237.2 da Lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaborárase unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos propoñentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos seus membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular e Mixto), en votación ordinaria, acorda ditaminar

favorablemente a proposta da Alcaldía nos termos da mesma, para a adopción polo Pleno Municipal dos correspondentes acordos.

Consta a deliberación da Corporación sobre este punto ao se ter realizada dunha forma conxunta, aínda que coas matizacións individuais para cada un dos puntos números 3, 4 e 5 da Orde do día.

De seguido, en votación ordinaria, por 11 votos a favor (dos Grupos Municipais do BNG e PP), e 2 abstencións dos membros do PSdG-PSOE e de UPRI, no Grupo Mixto, a Corporación acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e consecuentemente:

1º.- A aprobación inicial da proposta de convenio urbanístico de referencia.

2º.- A exposición ao público do mesmo de conformidade co disposto no art. 237.2 da Lei 9/2002.

2012.10.06.-EXPEDIENTE DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. 2ª EXPOSICIÓN PÚBLICA.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Por Secretaría dase lectura á Proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE REALIZACIÓN DE NOVO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA NO EXPEDIENTE DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DE RIBADEO.

Pola Alcaldía Presidencia á vista da tramitación efectuada sobre o expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo.

Visto que a tenor das modificacións producidas e seguindo os informes asumidos polo texto cuxa aprobación se pretende, no seu conxunto supón un cambio sustancial do documento inicialmente aprobado xa que se derivan criterios diferentes respecto a ámbitos do termo municipal de clasificación e cualificación do solo derivados do POLGA e da modificación do réxime dos núcleos, que afectan en grande medida a estrutura xeral e orgánica do territorio e que non foron obxecto de exposición anteriormente, e recollendo tanto o contido dos informes sectoriais obtidos ao abeiro da aprobación inicial anteriormente realizada e que se incorporan e asumen na súa integridade ao novo texto como o esixido polo POLGA e polas modificacións da normativa urbanística, a fin de garantir a seguridade xurídica do acto aprobatorio, en garantía do dereito de audiencia e participación establecido na norma aos efectos de formulación de alegacións e propostas

Vistos os informes técnico e xurídico obrantes no expediente, e de conformidade cos mesmos,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º. A realización dun novo trámite de información pública por prazo de DOUS MESES conforme ao disposto no artigo 85.8 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, de xeito previo á formulación do documento preciso para a aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo, e seguíndose a restante tramitación a que se refire o mencionado artigo, declarando a subsistencia e a súa incorporación ao Plan de todos os informes sectoriais emitidos no procedemento previo que se ten tramitado en aplicación do principio de conservación dos actos administrativos.

2º. Rematado o período de información pública e á vista das alegacións que se presenten, unha vez informadas polo equipo técnico redactor da empresa EPTISA, segui-los trámites legalmente previstos para a súa aprobación provisional.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

O Sr.Alcalde explica aos membros da Comisión que logo da última xunta de portavoces con este obxecto, celebrada a semana pasada, que falou co equipo redactor e que van traer as copias da documentación , en papel e tamén en soporte informático, para cada un dos Grupos municipais e que tamén unha vez rematado o trámite plenario se vai preparar para que estea a disposición do público na web municipal, referíndose tamén ao prazo de dous meses que se vai expoñer ao público e procedemento para a dita exposición pública durante o prazo que se fixa de dous meses.

Por parte da Concelleira Sra.López-Braña Freije do Grupo Municipal Popular se pregunta pola contestación ás alegacións anteriores, que realizou EPTISA, e se se vai poder acceder a elas. O Sr.Alcalde dí que sí pero que estarán no Concello porque unha boa parte delas igual aínda que están estimadas ou informadas favorablemente por cuestións alleas coa modificación lexislativa non puideron reflectirse no planeamento, deliberándose sobre este extremo.

O Concelleiro Sr.Valín Valdés,do Grupo Municipal Popular interesa que se lles facilite, de todos os xeitos, unha copia das contestacións ás alegacións, para o seu Grupo.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos termos da mesma, para a adopción polo Pleno Municipal dos correspondentes acordos.”

O Sr. Alcalde explica que o argumento é o que se estivo falando na última media hora pero, a nivel técnico, pensan facer a mesma metodoloxía que no 2008, que se exporá o planeamento na oficina de turismo vella durante dous meses e o arquitecto estará tres horas ao día alí para facilitar información aos veciños, que se fará mediante un sistema de petición de cita previa para que se atendan con comodidade e sen esperas. Decidiron facelo igual que no mandato anterior, coa suxestión dos técnicos municipais durante dous meses.

Ábrese unha rolda de intervencións que comeza o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que non nota ningunha carencia de documentación. Dende o punto de vista político pensa que se deberían contestar as alegacións. Di que o argumento que se utiliza é que a nova lei cambiou o deseño do medio rural e as alegacións quedan desvirtuadas, sen embargo non houbo tantos cambios polo que se refire ao núcleo urbano, e había alegacións que se deberían contestar, se non individual, sí conxuntamente por oportunidade e economía, xa que evitaría que se presentaran novas alegacións. Considera lamentable que tarde tanto un plan pero haberá que mirar os “porqués” e os “quénes”. Manifesta a súa intención de absterse.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, está de acordo con todo, polo que anuncia que vai votar que sí, xa que é un tema que se tratou en todas as reunións de voceiros.

Intervén de seguido o Sr. Valín Valdés, concelleiro do Grupo Municipal do PP, que manifesta que van votar a favor. Refírese ao que falou o voceiro do PSdG-PSOE que é conveniente que se informe aos alegantes para que ninguén poida dicir que non se decatou, xa que algúns presentarán a mesma alegación, outros unha distinta, pero que se consensuou enviar unha carta a cada unha das persoas que alegaron.

O Sr. Alcalde explica que todos os grupos saben cómo se foron tratando as alegacións porque forman parte das comisións, e que se foi tratando individualizadamente, e as alegacións fóronse propoñendo entre todos, e pódense revelar os códigos de tratamento das alegacións segundo a empresa redactora. Por exemplo as que estaban en cor verde eran as que a empresa redactora entendía que se axustaban, as vermellas eran as que non tiñan razón de ser e os grupos podían preguntar por algunha pero ningunha persoa de ningún grupo cuestionou nada. As amarelas, nas que había dúbidas razoables ou estimación parcial foron motivo de debate ata buscar os criterios entre todos e esa é unha parte do que se vai expoñer ao público, a outra parte é o que modificou esa resposta inicial como a incorporación do informe do P.O.L. (Plan de Ordenación do Litoral) ou a adaptación ao Informe de Patrimonio.

O que foi a motivación xurídica de que había un cambio substancial e era conveniente unha nova exposición pública para evitar problemas. Cre que o mellor xeito para os veciños de saber se a súa alegación foi estimada é que se pasen a ver o documento ou o descarguen por Internet.

Explica o Sr. Alcalde que o prazo de 2 meses empeza a correr dende que sae publicado no Boletín Oficial da Provincia, que tardará uns 10 días, pero cre que antes pode estar dispoñible na páxina web do concello, aínda que está dando algún problema debido ao enorme peso dos documentos, que están enriquecidos con fotografías e outras cousas. Considera que son os mellores feitos ata o de agora, aínda que non os mellores posibles nin perfectos. O Sr. Alcalde informa que enviarán unha carta respondendo dende o aspecto político ou de cortesía, para que saiban que hai unha nova exposición pública, para ver se están satisfeitos ou queren facer algunha outra alegación argumentada minimamente. Durante a próxima semana sairán as cartas que espera que cheguen ao seu destino. Cre que isto é un pequeno punto seguido para a súa aprobación definitiva. Unha vez que o proceso de exposición pública remate, tentaranse estimar as alegacións que sexan compatibles co interese xeral.

De seguido por doce votos a favor (dos Grupos Municipais do BNG e PP, e do membro de UPRI no Grupo Mixto), e unha abstención do PSdG-PSOE no Grupo Mixto acórdase:

1º. A realización dun novo trámite de información pública por prazo de DOUS MESES conforme ao disposto no artigo 85.8 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, de xeito previo á formulación do documento preciso para a aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo, e seguíndose a restante tramitación a que se refire o mencionado artigo, declarando a subsistencia e a súa incorporación ao Plan de todos os informes sectoriais emitidos no procedemento previo que se ten tramitado en aplicación do principio de conservación dos actos administrativos.

2º. Rematado o período de información pública e á vista das alegacións que se presenten, unha vez informadas polo equipo técnico redator da empresa EPTISA, segui-los trámites legalmente previstos para a súa aprobación provisional.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2012.11.07.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN CERTIFICADA DE OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31.12.2011 DE CONFORMIDADE CO REAL DECRETO LEI 4/2012, DE 24 DE FEBRERO, POLO QUE SE DETERMINAN OBRIGAS DE INFORMACIÓN E PROCEDEMENTOS NECESARIOS PARA ESTABLECER UN MECANISMO DE FINANCIACIÓN PARA O PAGO A PROVEEDORES DAS ENTIDADES LOCAIS.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Toma a palabra a Sra. Interventora a instancia do Sr. Alcalde que explica aos membros da Comisión os pasos seguidos para a confección da relación de facturas conforme ao Real Decreto, que se realizaron dous arquivos informáticos coas facturas pendentes, número de CIF, importe, etc. e que foron os que se remitiron ao Ministerio a través da plataforma creada ao efecto. Dí que con posterioridade ao envío, dentro do prazo regulamentario, se detectaron dous ou tres erros involuntarios en facturas que xa estaban pagadas por caixa, que non chegan aos 2.000 euros e que se deberán dar de baixa segundo as indicacións que faga o Ministerio.

O importe da relación certificada ascende a 1.780.000 euros que inclúe facturas pendentes de pago por execución de orzamento e aquelas que están pendentes de recoñecer extraxudicialmente, significándose que últimamente tamén se aboaron outras facturas.

Por parte do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández pregúntase sé e unha cantidade moi importante as que se aboaron últimamente indicándose pola Interventora que sí, xa que se aboaron unha certificación das obras do Pavillón de Deportes así como da obra de tramos de Fomento.

Sen promoverse mais deliberación A Comisión dase por enterada e por cumprido o trámite de dación de conta aos efectos procedentes.”

A Sra. Interventora, manifesta que na comisión informativa comentara que atoparan algúns erros que se consultaran co Ministerio e que éste respondeu que a finais de abril se vai abrir a plataforma para que os concellos poidan rectificar se houbo algún erro, e en principio, hai situados 2 erros que roldan os 1.000 euros. Tamén se lles permite aos concellos seguir pagando ata finais de abril, e eliminar as facturas se houbera liquidez.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que considera que é unha cantidade importante que vai traer consecuencias despois. Cita que nun pleno anterior díxose que para acollerse a unha operación de crédito ICO considerouse a autonomía municipal, aínda que a obriga de quen debe é pagar. Explica que nos decretos de gastos aparecen cantidades que tamén aparecen na relación enviada ao Ministerio.

Continúa intervindo de seguido o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que pregunta se van todas as débedas a provedores ou queda algunha.

A Sra. Interventora contesta que van as débedas que están dentro do Real Decreto, é dicir, que quedan fóra Administracións Públicas, Organismos Autónomos das Administracións Públicas, Sociedades integramente participadas pola Administración Pública e contratos que quedan fóra do ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, como arrendamentos de bens e subscricións, así como todo o que teña carácter de

subvención, expropiación etc. Explica que o Real Decreto establece que deben certificarse todas aquelas débedas a provedores nas que a factura ou documento substitutivo teña entrada anterior a 1 de xaneiro de 2012 e sexa causa de obras, subministros, servizos ou xestión de servizos públicos ao abeiro da Lei de Contratos do Sector Público.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta se algunha empresa pide xuros por unha débeda, ésta entraría ou non.

A Sra. Interventora explica que o Real Decreto establece que a certificación inclúe a base máis o IVE, pero exclúe calquera tipo de xuro ou reclamación, incluso o IRPF das facturas emitidas por persoas físicas.

A Sra. González Loreda, concelleira do Grupo Municipal do PP, non acaba de entender que un tema tan importante coma débedas a provedores do concello non se dea conta aos veciños, que vai a pleno porque o esixe o Real Decreto. Na comisión o que se dixo era que as facturas ían nun formato determinado e que había un erro, pero non deron conta de nada. Cre que aos veciños sí se debera dar conta porque fixeron un expediente de "limpeza" coas débedas prescritas, anteriores a 2007, pero non se deron os criterios, xa que hai facturas do 2007 que están incluídas e outras que non, polo que os provedores deben estar atónitos porque non saben se están na relación das que prescribiron, xa que no anuncio non aparecen.

A Sra. González Loreda refírese tamén á nota de prensa que di que sorprende a débeda, pero considera que non é a débeda real, senón a débeda a provedores que cumpren os requisitos do Real Decreto. Non están as débedas por concesións, nin a outros entes públicos, nin débedas financeiras, nin dos servizos de 2011, que entren a partir do 1 de xaneiro de 2012, nin as que se pagaron ata o 30 de marzo. Considera que para o que valeu o decreto é para que sacaran as débedas do caixón, xa que hai un apartado que di facturas contabilizadas e non aplicadas, é dicir, as que estaban sen recoñecer, que supoñen un importe aproximado de 113.000 euros.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, explica que os debates coa Sra. González Loreda son repetitivos, e as facturas do caixón son facturas de expedientes sen recoñecer e aprobar, e que estiveron a disposición de tódolos grupos, e algún grupo pediunas e déronselle, facturas que en 2006 eran superiores a 200.000€ e agora quedaban 113, e que se despacharían no 2012, fora a través deste pago ou dun Recoñecemento Extraxudicial.

Invíta á Sra. González Loreda a que analice os recoñecementos extraxudiciais de 1.999, que mire os decretos extraxudiciais que aprobou o seu grupo para comparalos coas facturas que entraron en recoñecemento con este goberno.

Explica que a vontade do goberno é pagar todas as facturas e nesa labor se está dende 2006, pero chámalle a atención que por un lado din que ocultan aos veciños e por outro se fai referencia a unha nota de prensa onde se comunica aos veciños a cantidade que se vai pagar en facturas. O Sr. Castro explica que non recolle toda a débeda do concello porque hai excepcións, pero o que se dixo de que se debían 6 millóns etc. agora vese que a realidade demostra que se foi recortando ano a ano substancialmente, así como outros concellos de toda cor política e ben próximos a Ribadeo seguiron unha ruta á inversa, e pasaron de nadar na abundancia a pagar facturas por importe bastante superior. Explica que de todo isto se dará conta cando vaia a pleno a Conta Xeral de 2012, co resultado do ano e da conta xeral do concello.

Sen promoverse mais deliberación A Corporación dase por enterada e por cumprido o trámite de dación de conta aos efectos procedentes.

2012.12.08.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.

MOCIÓNS:

1. DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE REDUCCIÓN DE MULTAS DE TRÁFICO.
- 2.DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MODIFICACIÓN DE CRITERIOS DAS AXUDAS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN.
- 3.DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE DECLARACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO E OUTRAS ACCIÓNS CON ESTE MOTIVO.
- 4.PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE ACTUACIÓNS A INCLUIR DENTRO DO PEIM RURAL.
- 5.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES (8 DE MARZO).
- 6.MOCIÓN DO BNG SOBRE DEREITOS DAS MULLERES.
- 7.-MOCIÓN DO BNG SOBRE APOIO Á INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA.
- 8.-MOCIÓN DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN E SUBA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALIZA.
- 9.MOCIÓN DO BNG PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.
- 10.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE PROMOCIÓN DO EMPREGO E APOIO Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE NOVAS EMPRESAS NO CONCELLO DE RIBADEO.

A) DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA DITADOS ENTRE O 31 DE DECEMBRO DE 2011 E O 29 DE FEBREIRO DE 2012.

Comeza intervindo o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que se refire ao decreto 2/12 por importe de 12.495 € por colaboración no desenvolvemento de actividades culturais e deportivas durante o exercicio 2011, quere saber de qué se trata.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Deportes, responde que se trata do convenio que se fai cada ano para dar cobertura a actividades culturais, socio-deportivas e de turismo para certas labores de montaxe, desmontaxe, repartos e apoio durante o ano.

O Sr. Gutiérrez refírese agora ao decreto 04/12 relativo á certificación de Obra número 6 pola reforma do pavillón por importe de 0,00€.

O Secretario Accidental, responde que se trata dunha certificación de obra por ese importe debido a que os compromisos eran de facer certificacións mensuais, e nese mes non tiñan, polo que fixeron unha certificación a cero, para non interromper o hábito e o compromiso.

O Sr. Gutiérrez Fernández refírese ao decreto 264/11 que fai referencia a Consultoría Deseño Ribadeo de Reunións, pero co mesmo epígrafe está o decreto 266/11 de Promove Consultoría, pregunta se os dous decretos se destinan ao mesmo obxectivo.

A Sra. Martínez Fernández, concelleira delegada de Turismo, explica que un é a relativo á aplicación informática, que probablemente non estea ben reflectido, e o outro é a consultora que está axudando a resolver o proxecto.

Continua intervindo o Sr. Gutiérrez Fernández referíndose aos decretos 263/11 e 266/11 de Axuda a Persoas Dependentes do Centro Clínico, e pensa que está duplicado, pero aparecen cantidades distintas e os dous teñen cargos de decembro, de 8.895 e 7.615€.

A Sra. Interventora explica que en decembro houbera un problema do IVE que se estaba facturando e houbo unha primeira factura que se aprobou, porque no mes de decembro sempre existe o medo de deixar facturas fóra e despois veu a rectificada, debido a que estaba cobrando o 18% de IVE, cando a dependencia ten un tipo reducido, por iso aparece dúas veces.

Refírese tamén o Sr. Gutiérrez Fernández a un decreto de envío de postais de decembro de 2.270,56€ a correos.

O Sr. Alcalde explica que foron envíos postais, non postais de Nadal, que poderían ser 40 ou 50.

Continúa a quenda de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire ao decreto 12.495,60€ de Oxem Sports. Di que tamén ve pagos noutros puntos. Parécelle que esta empresa é unha acaparadora.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Economía e Facenda, explica que o concello ten convenio con Oxem Sport para as actividades socio-deportivas, culturais, montaxe, desmontaxe e de todo tipo, convenio para que imparta a ximnasia de mantemento nas parroquias e algunhas actividades de ocio e tempo libre, pero non todas.

O Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, pregunta se o convenio é global de 12.495€ ou á parte hai outros pagos.

O Sr. Secretario Accidental quere aclarar que cando se fala do convenio, é un decreto de adxudicación dun contrato menor por un importe de aproximadamente 12.000€, pero non é un gasto, considérase gasto cando se xeran as facturas contra esa adxudicación, polo que ao mellor están falando de dúas cousas que son iguais, xa que 12.000€ é o límite que hai para pagarlle a esa empresa nesa adxudicación.

O Sr. Concelleiro de Deportes explica que deses 12.000€ o ano pasado gastáronse en torno a 7.000€ realmente.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese tamén ao decreto 262/11, no que hai unha Subvención á Asociación de Voluntarios Protección Civil e pregunta se é a asociación do concello, na que o alcalde é o presidente.

O Sr. Alcalde responde que é unha subvención á asociación de voluntarios de Protección Civil, onde durante moitos anos estaba inerte na práctica, xa que estaba sendo substituída polos Grupos de Intervención Rápida municipais subvencionados con diñeiro autonómico, pero agora é o único servizo, exceptuando os bombeiros de Barreiros, que teñen os veciños de Ribadeo de seguridade, salvamento e protección. Explica que hai un incremento de contía con respecto a outros anos.

Ao Sr. Reymóndez Gancedo parécelle pouco, tendo en conta que xa non hai GRUMIR, e se se acollen aos gastos con esta subvención.

O Sr. Alcalde contesta que os gastos xa os asume o concello.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta para que é a subvención.

O Sr. Alcalde responde que para que compren material ou cuestións da súa necesidade para facer o seu traballo o mellor posible, a maiores da subvención que reciben da Comunidade Autónoma.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa intervindo e pregunta polo decreto 264/11, rexistro número 3217.

O Sr. Alcalde explica que se trata do deseño da páxina web de Ribadeo de eventos. A elaboración do instrumento que da cobertura informática, indicando o Sr. Reymóndez Gancedo que lle parece moito 7.780€.

O Sr. Alcalde aclara que non é unha páxina web ordinaria, senón para centralizar produtos, unha aplicación informática, e responde a un convenio coa Deputación de 15.000€. Recordamos que estaban todos os voceiros dos grupos da oposición. Explica que tentaron contratar a alguén solvente que fixera algo bo.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao decreto 264/11 de Dotación de Auga ao campo de adestramento de Ove, por aproximadamente 4.000€.

O Sr. Concelleiro de Deportes explica que se trataba de abastecelo de auga e poñer o rego, aspersores, etc. e parécelle barato.

O Sr. Alcalde puntualiza que a man de obra foi municipal, practicamente o que se pagou foi o material.

Pregunta tamén o Sr. Reymóndez Gancedo polo decreto 264/11, rexistro número 3230, relativo a Mantemento de Parquímetros por importe de 410€ ao mes, parécelle bastante. Continúa referíndose ao decreto con número de rexistro 3249, na páxina 5, pregunta a qué se debeu a cota xxtraordinaria da Mancomunidade de Concellos da Mariña.

O Sr. Alcalde contesta que non o sabe exactamente, que lle están dando un voto de confianza, pero cre que están financiando en gran medida a Mancomunidade de concellos da Mariña Lucense, porque outro que financia moito máis é Viveiro pero nunca paga, e outros son Burela e Foz. Manifesta que a ver se dentro dun tempo se ven resultados positivos para Ribadeo, porque a cota ordinaria anual é de 5.000€ e, ogallá se equivoque, e dentro dun tempo poida dicir que esta inversión redunda en beneficios para Ribadeo, pero polo momento pono en dúbida.

Continúa o Concelleiro no uso da palabra referíndose ao decreto 3255, na páxina 6, representación de Merlín no auditorio, por un importe de 1.000,00 €. Refírese tamén ao decreto 266/11, número 3304, de ACISA Centro Comercial, de Manual de Puntos Críticos.

A Sra. González Piñeiroa, concelleira delegada de Servizos Sociais, explica que se trata da vivenda comunitaria.

O Sr. Reymóndez Gancedo referise ao decreto número 3306, de reposición de adoquines na Atalaia, que realizou Aquagest, por un importe de 2.500€.

O Sr. Alcalde explica que se trata das obras que fixo Costas no calexón dos Perigos, e a empresa non substituíu as tuberías, polo tanto puxeron os adoquins e unha veciña tivo problemas porque estaba atoadado e houbo que levantar todo e repoñer, cuestións que non eran imputables ao mantemento ordinario das rúas, porque era por mor da mala execución desa obra concreta.

Explica que fixeron unha reclamación ao Ministerio de Medio Ambiente e contestaron a través da audiencia que lles deu á empresa constructora que estaba todo ben. Son obras que durante a súa execución non levan dirección de obra municipal, por tanto non saben o que está facendo, por tanto Costas recibe as obras, pero o concello non as revisa e decide se as recibe ou non, xa que son de recepción obrigada, polo que de momento, ese diñeiro teno que asumir o concello. Di que é de cando se fixeron as obras do ascensor panorámico.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese igualmente ao decreto 266/11, rexistro número 3372, de varias limpezaas Extraordinarias do Albergue de Pelegríns, pregunta que se é extraordinaria ten que haber unha ordinaria.

O Sr. Castro Reigosa manifesta que considera que se trata do Albergue de Vilela, pero como lle din que non, explica que hai un período no que se limpa diariamente, como en verán, e despois as limpezaas extraordinarias son as que se fan de xeito esporádico, a partir de que se deixa a periodicidade diaria de pelegríns. Explica que facturaron o número de limpezaas extraordinarias que fixeron.

O Sr. Alcalde explica sobre este asunto que se fan revisións periódicas por parte dunha persoa da Xunta de Galicia, que comenta se hai que reforzar a limpeza e outras cuestións para que todo funcione correctamente.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, explica que a empresa de limpeza factura como limpeza extraordinaria todo o que non está recollido no contrato.

De seguido intervén o Sr. Valín Valdés, concelleiro do Grupo Municipal do PP, que se refire ao decreto 266/11, de Gráficas de Ribadeo, por 59€ que pon Carteis Chenchu, e quere saber de que é.

Responde a Sra. concelleira delegada de Cultura que se trata dalgún cartel que se fixo en Gráficas, pero que eles só fixeron a impresión o deseño non o fixeron eles. Cre que, ó mellor, lle puxeron ese nome para identificar a factura, xa que ela lles pide que manden os albaráns para darse conta de qué se trata e se acepta os gastos.

O Sr. Valín Valdés refírese ao decreto 20/12, na páxina 2, relativo a 1.000 dípticos informativos sobre o funcionamento de Servizos Sociais, pregunta se foi unha campaña.

A Sra. González Piñeiroa, concelleira delegada de Servizos Sociais, explica que foi unha campaña que se fixo no Nadal, nun acto en colaboración coa Asociación Amarante, no que se distribuíron polos centros de ensino, centros de saúde etc. falando do que se ofrece en servizos sociais.

Continúa coa súa intervención o Concelleiro Sr. Valín Valdés e refírese a unha factura da carreira de San Silvestre, pregunta o que é un reloxo xigante de meta.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Deportes, explica que é un control a través dun chip da chegada á meta. O importe é o que se pagou polo servizo que fixeron da carreira de San Silvestre. Informa que se subcontractou a inscrición e crono.

Ao Sr. Valín Valdés estráñalle porque hai un técnico de deportes e pregúntase como se facía noutras épocas. O Concelleiro de Deportes informa que nesta participaron 200 corredores e sinala que cada vez é máis difícil facer o control de chegada, á parte que hai que adaptarse aos tempos, porque a maioría dos corredores xa traen o chip, polo que lles hai que ofrecer o servizo.

O Sr. Valín Valdés refírese tamén ao decreto 21/12, que é da instalación dunha televisión por Eomática Ribadeo. Pregunta se é a que está na entrada do concello e respóndenlle que sí. O Sr. Valín Valdés fai referencia a que xa apareceron os nomes nos gastos de telefonía, polo que xa saben quen gasta. Refírese a unha reposición da legalidade nunha urbanización na rúa da Alza. Pregunta se se actúa de oficio ou por unha denuncia.

O Sr. Rodil Veiga, técnico de Administración Xeral, responde que se actúa en base a unha denuncia.

B) MOCIÓNS.-

1. DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE REDUCCIÓN DE MULTAS DE TRÁFICO.

Dase conta da Moción epigrafiada que se transcribe literalmente:

“O Concelleiro que subscrebe esta iniciativa presentou no transcurso da última sesión plenaria do día 16 do presente mes de xaneiro, un rogo á alcaldía no que solicitaba que a través do método que correspondese e no momento procedimental máis axeitado, se procedese a rebaixar o importe das multas por aparaumento en lugares que non supoñan unha grave infracción, pasando de 200 e 100 euros, considerando a escaseza deste tempos de crise. Mais a pesar da nosa insistencia o rogo non foi aceptado baixo o peregrino argumento de que eran as normas de tráfico as que compría aplicar e que, por conseguinte, non consideraba procedente levar a cabo a modificación solicitada.

Non obstante, esas mesmas normas diferencian claramente entre as infraccións leves, graves e moi graves. Así na Lei 18/2009 pola que se modifica a Lei de Tráfico, no artigo 65 onde se define o cadro xeral de infraccións, apartado catro, tipifica 28 casos graves, sen que en ningún deles apareza concretamente como tais o feito de estacionar nunha zona de carga e descarga, unha das mais frecuentes sobre todo tendo en conta o amplísimo espazo asignado para esa función.

Así pois, propñese ao Pleno da Corporación municipal o seguinte ACORDO

A alcaldía procederá a modificar o cadro xeral de tipificación das sancións adaptándoas á normativa vixente, e instruindo aos mentes da policía local de tal xeito que os referidos estacionamentos indebidos sexan calificados como infraccións leves, pasando de 200 a 100 euros.”

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, informa que nas mocións que van vir vai facer unha breve exposición. Respecto á presente sinala que lle parece excesivo que en determinadas situacións, preto das zonas de carga e descarga, se cualifique unha multa como grave. Pensan que debe recollese como leve e, así, a contía diminúe á metade. Di que ao subministrarlle o material existente na Comisión coas mocións, á súa vai grapada unha ordenanza da policía local de Sagunto, e quere dicir que iso non o puxo el. Propón que a Alcaldía proceda a modificar o cadro xeral, adaptando as sancións á normativa vixente e instruindo ós axentes da policía local, de tal xeito, que os referidos estacionamentos sexan cualificados como infraccións leves, pasando a 100 euros. Considera que, aínda que se tome á lixeira, ten bastante incidencia local, sobre todo en xente que visita Ribadeo con certa frecuencia e por razóns increíbles. Di que coñece a dúas veciñas de Navia que veñen sistematicamente á misa os domingos. Parécelle un pouco excesivo.

O Sr. Alcalde informa que hai unha enmenda do PP.

A Sra. López-Braña Freije, concelleira do Grupo Municipal do PP, anuncia que van apoiar a moción o PSdG-PSOE e pide que, aínda que a obriga do concello é controlar a ordenación do tráfico, non quere que se converta nun medio de recadación. Cre que hai que ter en conta que se as arcas do concello están mal, as arcas dos veciños están peores, de aí que soliciten que a medida do PSdG se aplique con carácter retroactivo, en base ao principio de que as normas sancionadoras que resulten favorables para o presunto infractor deberán aplicarse con carácter retroactivo. Piden que a todas as sancións que aínda estean en período recadatorio se lles aplique este beneficio de rebaixa da contía da sanción.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, explica que se fala do artigo 65 onde se define o cadro xeral de infraccións. Refírese á Lei de Tráfico 18/209 e explica que no artigo 91 di que aparcar na zona de carga e descarga considerárase unha infracción grave, dentro do horario de utilización. Refírese tamén ao artigo 94, ao que se refire a policía local cando multa. Quere dicir que en Ribadeo, non coma en outros concellos, se alguén aparca no horario de utilización de carga e descarga considérase grave, se o fai fóra dese horario non se sanciona. Explica que noutros concellos se sanciona como grave se aparcas no horario de carga e descarga, e como falta leve (100€) fóra dese horario. Di que lle parece ben a idea de rebaixar a sanción, pero non lle parece ben dar carta branca á xente que aparca en zona de carga e descarga, co problema engadido a iso.

Manifesta que se se ocupa a zona carga e descarga, despois os camións teñen que aparcar en dobre fila, e veñen en horas punta. Pensa que se pode pasar de Guatemala a Guatepeor. Propón que se poña zona azul e en vez de 24€ se quedara en 6€.

O Sr. Alcalde considera que con ler o Regulamento Xeral de Circulación, chegarían a un acordo de que a moción é absolutamente demagóxica, e máis a enmenda. Explica que o artigo 65.3 di que son infraccións leves as que non sexan expresamente cualificadas como graves ou moi graves, é dicir, que o resto son leves. Informa que a infracción grave é o feito de parar ou estacionar no carril bus, curva, cambio de rasante, zonas de estacionamento para uso exclusivo de persoas con discapacidade, túneles, pasos inferiores, interseccións ou outro lugar perigoso, ou que se obstaculice a circulación, ou constitúa un risco para peóns. Refírese agora ao artigo 91, que di que a parada e o estacionamento deberá realizarse de maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa perigo para o resto dos usuarios e estas situacións concréntanse no apartado G, cando o estacionamento teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga en horario de uso. No apartado H di cando o estacionamento se produza en dobre fila sen condutor. No artigo 65 di que as accións contrarias a esta lei terán a condición de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida que se determinen. No artigo 67 di que as infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 100€, é dicir, que por pronto pago teñen o 50% de bonificación. As infraccións graves terán unha multa de 200€ e as moi graves de 500€.

Tamén di o Sr. Alcalde, que a policía local non fai uso do artigo 68, xa que non establece o que di a lei, que a contía das multas poderá incrementarse nun 30% atendendo á gravidade e transcendencia do feito, antecedentes do infractor, condición de reincidente, perigo en potencia creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e o criterio de proporcionalidade. Resume que en Ribadeo as multas que se exceden de 200€ son as que están tipificadas no Regulamento Xeral de Circulación e demais lexislación de aplicación como graves, o que non se pode cambiar. Manifesta igualmente que a normativa cambiou e o Goberno do Estado subiu as multas e a porcentaxe de bonificación, pero nas multas de ámbito local, de zona ORA, pódense poñer 24€ que coa bonificación queda en 12€, ou 5€ ou 50€, pero entende que non é o motivo do debate. Coincide co voceiro de UPRI en que se fan unha política de que da igual aparcar nun lado que noutro, xa hai bastantes problemas, sobre todo nas zonas de carga e descarga, polo que se darían incalculables consecuencias negativas.

Como veciño, continúa intervindo o Sr. Alcalde, quere dicir que lle parece moi mal que os condutores, tendo unha zona hora magnífica e barata, para evitar pagar 20 ou 40 céntimos, aparquen na liña amarela da rúa Doctor Moreda, e considera que ten que ser penado. Considera que non dá instrucións á policía do que teñen que facer pero insinuou que non vía ben que estando a praza de abastos baleira, haxa coches aparcados por comodidade nas zonas de carga e descarga ou liña amarela. Di que ten que caer o peso da lei sobre quen sexa. Informa que se recadou máis que nunca en 2011 pero multouse menos que nos últimos anos. Baixouse un 42% respecto ao ano anterior, xa que no 2010 houbo 1.581 denuncias e recadáronse 82.870€, no ano 2011 houbo 920 multas e recadáronse 90.956€. Explica a porcentaxe de multas: corresponde a leves o 13%, a graves o 86% e moi graves o 3,03%. Considera que son cifras que para Ribadeo, cheo de xente e comercio, hai que regulalo, ao igual que as terrazas, polo que as zonas de carga e descarga hai que regularlas para que os repartidores non teñan que aparcar no medio, impedindo que o tráfico poida circular e colapsar as rúas.

O concello non pode cambiar as sancións de faltas graves, a non ser que cambie a lei. Podíase facer unha moción e dirixirse ao Ministerio para que contemplase que os concellos puidesen ter autonomía para cambialo.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, mantén que é excesivo, que hai outras infraccións nada perseguidas, como a circulación de camións de gran tonelaxe por calquera rúa e lugar ou montando nas beirarrúas. Considera que iso non se vivía porque non é tan automático coma coller o bloc e só lles falta poñer o lapis na orella. Manifesta que como aceptou a enmenda pois apoia a moción coa enmenda.

O Sr. Alcalde manifesta que non poden apoiar unha moción que vai en contra de cambiar unha lei, que é imposible, xa que xurou respectar as leis cando tomou posesión do cargo.

De seguido por 8 votos en contra (dos membros do grupo do BNG e do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e 5 votos a favor (dos membros do grupo do PP e do concelleiro do PSdG-PSOE) resulta rexeitada a Moción epigrafiada.

2.DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MODIFICACIÓN DE CRITERIOS DAS AXUDAS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN.

Dase conta da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN**, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante o Decreto 289/1997, de 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 79/2009, de 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia 83/2009, de 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e 335/2009, de 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Traballo e Benestar asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

O pasado 27 de decembro publicábase no DOGA unha RESOLUCIÓN do 22 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 40, do 1 de marzo de 2010), programas de cooperación con entidades locais: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

Despois de facer unha análise moi meticoloso do reparto feito nos dous últimos anos por concellos e por número de parados podemos apreciar como a Consellería fixo unha vez mais unha demostración da política clientelar e arbitraria que está a levar a cabo o Goberno do PP, o Goberno do Sr. Feijoo.

Unha política insolidaria na que se premia ós concellos e ós parados daqueles municipios gobernados polo PP e se castiga de forma totalmente arbitraria e inxusta as persoas paradas que teñen a súa residencia en concellos gobernados por outras forzas políticas diferentes o PP.

Nos datos publicados no DOGA relativos aos anos 2009 e 2010, pódese apreciar como se repartiron os **87.034.082 C** nos diferentes concellos.

Para os socialistas o xusto sería que o reparto por concellos fose un reparto equitativo, e que o mesmo estivera directamente relacionado co número de parados censados en cada un dos concellos.

Pero os datos demostran unha vez mais a arbitrariedade e inxustiza do Goberno do Sr. Feijoo porque o facer o análise podemos apreciar como ós Concellos gobernados polo PP lles outorgaron axudas por un total de **40.382.697 C** cando por parados inscritos en ditos concellos lies houbera correspondido un total de **20.513.270 C**, e dicir lles outorgaron un **96.9% mais** do que lles correspondía nun reparto equitativo de ditos fondos.

No caso dos concellos gobernados polo PSdeG, correspondéndolles un total de **50.669.329 C**, lles asinaron só **31.424.654 C**, e dicir un **38% menos** do que lles tocaba por número de parados.

No caso dos concellos gobernados polo BNG este descenso e do **14.6%** nestes dous anos de Goberno de Feijoo.

No caso do noso Concello o total do importe aportado pola Xunta foi de **448.841,00€** cando lle houbera correspondido de terse feito dito reparto dunha forma equitativa e xusta por número de parados de dito concello, un total de **462.647** e dicir un **3** % menos do que sería xusto.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte o seguinte **ACORDO**

O Concello de RIBADEO insta á Xunta de Galicia a modificar os criterios das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración con entidades locais, de maneira que as mesmas non se fagan de forma arbitraria e respondendo a Intereses políticos senón en función do número de parados e que dito reparto respete a proporcionalidade co número de parados de cada concello.

Iniciada a deliberación intervén en primeiro lugar o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, explica que a parte expositiva refírese a unha transferencia de competencias á Consellería de Traballo e ó reparto de determinadas axudas. Pon exemplos das diferenzas entre concellos do PP e do PSOE e con concellos do BNG. Cita o caso do concello de Ribadeo, que non é dos máis rechamantes, xa que a diferenza foi dun 3%. Proponse instar á Xunta de Galicia a modificar os criterios das axudas e subvencións

para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración con entidades locais, de maneira que as mesmas non se fagan de forma arbitraria.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, sinala que con ese 3% de diferenza nótase o “idilio” do mandato anterior. Manifesta que se é así pode contar co seu apoio, pero quere saber o que opinan o resto dos grupos, xa que non ten moita información.

A Sra. González Loredo, concelleira do Grupo Municipal do PP, anticipa que van votar en contra, xa que non van apoiar que se inste á Xunta a dar subvencións de forma arbitraria e respondendo a intereses políticos, porque non comparten o criterio. Considera que hai outros organismos, como a Deputación, na área do PSOE, no Plan Estratéxico do INLUDES, que outorga 39.000€ para citas festivas da comarca para “impulsar el bienestar social, la agricultura, la ganadería, pesca y artesanía”. Informa que lla dan á Festa do Berberecho de Foz, Mercado Renacentista de Viveiro (do PSOE), Produart de Burela (que a pedira Alfredo Llano antes de irse), Artesanía e Antigüidades de A Pontenova, e Antroido de Verán (que aínda que goberna o PP, considera que Lara Méndez tira para a casa).

Informa igualmente que non lle dan nin a Faba de Lourenzán, nin ao Percebe de Rinlo, que debe ter menos valor que o berberecho de Foz. Explica os seus argumentos para non apoiar a moción, como que xa saíu a orde do ano 2012, aínda que puntualiza que iso é culpa do alcalde que trae as mocións cando as trae.

Considera que na subvención non se concede diñeiro en cantidades arbitrarias, non se fala de que a un lle dan 10.000€ e a outro 20.000€, senón que se concede subvención para un traballador, dous ou vinte. Explica que son en concorrencia competitiva, así que as avalía unha comisión de valoración, composta polo responsable do servizo de promoción de emprego e de dúas persoas adscritas ao servizo, funcionarios. Pon como exemplo que Lugo ten un 16% de parados e lle dan 3 traballadores, como Trabada ten o 23% de paro danlle 6 traballadores, considera que non é xusto que o concello en Lugo lle dean 3 traballadores e a Trabada 6, para cubrir os servizos, porque o concello pide os traballadores en base aos servizos que quere cubrir, non lle parece xusto.

Explica que se se fixera por número de parados premiaríase a aqueles concellos que fixeran menos pola promoción de emprego, os que tiveran máis parados, pero hai outros criterios como a creación permanente de postos de traballo estables, que en exercicios anteriores tiveran maior nivel de inserción social a través de programas de cooperación. Informa que o criterio do número de desempregados si que se segue, non nas cantidades que lle adxudican a cada un, pero séguese na distribución provincial das subvencións que di a norma que se fará tendo en conta o número de persoas desempregadas e a evolución do paro rexistrado no período 2007. Por último, ironiza dicindo que o 3% é o “chocolate do loro”.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, repite que era unha porcentaxe moi pequena, pero que trouxo a moción como un exemplo, que non lle rebateu, o dos datos de Ribadeo. Prefire ir pola seguridade. Sinte moito que non lle deran á Faba de Lourenzán.

O Sr. Alcalde anuncia que o seu grupo vai apoiar esta moción, aínda que cre que ata este ano se contemplou unha axuda da Deputación para a Festa do Percebe.

A Sra. González Loredo di que sería da parte do BNG.

Sométese a votación e resulta aprobada con 8 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto), 4 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PP) e 1 abstención (do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto).

3.DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE DECLARACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO E OUTRAS ACCIÓNS CON ESTE MOTIVO.

Dase conta da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

“Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Galegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o Inicio da restauración do uso escrito do noso Idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo isto propoñemos ao Pleno Municipal do Concello de Ribadeo:

- 1.- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
- 2.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos vecinos e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.
- 3.- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.”

Igualmente dase conta da Moción formulada polo BNG sobre este mesmo asunto:

9.MOCIÓN DO BNG PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

“Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se

dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.
3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.”

Debátense conxuntamente as dúas mocións propostas polo PSG-PSOE (núm.3) e polo BNG (num.9) por ter un contido igual.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, explica que a exposición de motivos é coñecida, forma parte do coñecemento escolar, di que unicamente se podía ilustrar recitando un poema, pero parécelle que non é o ambiente propicio, dando lectura ao contido da súa Moción.

O Sr. Campos López, concelleiro delegado de Mocidade, informa que o Sr. Gutiérrez Fernández xa leu a parte expositiva, considera que a nivel de argumentación é bastante obvio, xa que é simplemente un recoñecemento da figura de Rosalía de Castro como figura central tanto da cultura galega, como da propia identidade do país e o recoñecemento que se quere levar ao ámbito municipal para contribuír á súa difusión entre o conxunto da poboación. Dáse a paradoxa de que Rosalía de Castro é unha figura estudada a nivel internacional en universidades de EE.UU., Europa e España pero aínda parece un descoñecemento no ámbito máis popular da propia cidadanía. Entendería o apoio unánime de todos os grupos, xa que non formula nada problemático.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, maniféstase de acordo e non ten nada que abondar no tema.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do Grupo Municipal do PP, explica que nesa mañá puido gozar dun acto literario e académico na cidade de A Coruña e oíu a outro escritor galego, que está vivo, dicir que “na miña terra danse as grazas”. Considera que o PP vai apoiar a moción xa que, á parte de coñecerse un pouco máis a Rosalía, agradece o que ten feito pola cultura galega.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria, acorda prestar a súa aprobación as dúas Mocións de referencia.

4. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE ACTUACIÓNS A INCLUIR DENTRO DO PEIM RURAL.

Dase conta da Proposta epigrafiada, do Grupo Municipal Popular:

“O PEIM Rural 2009/2010 é un plan para o desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural financiado nunha terceira parte pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e nas dúas terceiras partes restantes polo Ministerio do ramo.

Os obxectivos do PEIM Rural son a dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuir a fixar poboación, que, á súa vez, *teñen* unha incidencia relevante no desenvolvemento das zonas rurais.

O Partido Popular de Ribadeo é consciente das deficiencias que persisten na zona rural do noso concello e de que urxe a adopción dunha política intensiva en materia de infraestruturas necesaria para a dotación, conservación e mellora dos servizos básicos elementais, especificamente camiños agrícolas e pistas rurais. Tamén somos coñecedores do importante esforzo económico que estas medidas supoñen para as debilitadísimas arcas municipais e da necesaria conciliación destas medidas con outras de carácter social e de impulso á reactivación económica.

É por todo o anterior que vemos nesta Iniciativa financiada por completo golas administracións autonómica e estatal unha magnífica oportunidade de acometer estas accións tan necesarias para a economía da zona rural e para a procura da igualdade social dos habitantes das nosas parroquias.

Municipal do Partido Popular, previa unha minuciosa análise da situación da rede viaria municipal e das necesidades que presentan as infraestruturas da zona rural,

PROPÓN

Ó equipo de goberno do Concello de Ribadeo que se inclúan nas actuacións a acometer coa financiación do PEIM Rural as seguintes:

- Asfaltado da pista *que* vai dende a segunda cetaria á carretera da Lagoa, vía fundamental na comunicación entre as parroquias de Rinlo e A Devesa e que actualmente está en terra con unha mínima capa de zahorra.
- Bacheo da pista que vai de Lexoso a Os Chaos en Villamariz, que se atopa nun estado lamentable tras se-la vía de comunicación que absorveu todo o tráfico, incluído o tráfico pesado de camións de recollida de leite a diario, camións de madeira, etc durante máis de un ano, tempo no que estivo pechada ó tráfico a ponte de Arante.
- Arranxo dunha tajea e cuneta en formigón na pista que vai da igrexa a Os Casares en **Couxela** pois esta vía estase atoando a cotío debido ás labores agrícolas que se realizan nas Búas inmediacións.
- Bacheo asfáltico en pista na estación de **FEVE de Rinlo** que se atopa en un estado lamentable.”

A Sra. González Loreda, concelleira do Grupo Municipal do PP, explica que isto non pretendía ser unha moción pero pretendían facer chegar ao alcalde e ao equipo de goberno unha proposta de unhas obras que consideran que son necesarias, xa que o PEIM é unha achega do Ministerio e da Xunta de Galicia, polo tanto ten custo cero para o concello. No BOE publicouse que se liberaron fondos do Ministerio para acometer as obras do PEIM 2010 e simplemente, como non informaron que ía pedir, fixérono chegar en forma de proposta. Supón que a estas alturas xa teñen a proposta feita á Xunta de Galicia, polo tanto se non procede, retíranla.

O Sr. Alcalde explica que parte do que propoñen xa está previsto. Informa que presentaron a moción o 17 de febreiro de 2012 e o día 2 de febreiro de 2012, dúas semanas antes, xa tiñan contestado un requirimento da Xunta de Galicia dicindo o que querían facer con eses 72.000€, polo tanto xa se dirixiron á Consellería do Medio Rural para dicirlle que por imperiosa necesidade precisaban acometer as obras do treito da pista de

Noceda a A Devesa, concretamente dende o alto de Noceda ata a igrexa de A Devesa, que lamentablemente, non chega para facelo con aglomerado asfáltico.

Explica que realmente era o que se tiña previsto facer pero, por disfuncións entre o Ministerio de Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia, bloquearon este acordo fai dous anos, porque non tiña que ser 72.000€, senón 110.000€, o que pasa que 36.000€, que eran da parte autonómica, xa se usaron fai un ano para o mesmo treito, pero só rebachearon, agora pretenden darlle unha capa de aglomerado asfáltico ata arriba. Pensa que pode ser moito para un barrio pequeno coma Noceda, pero faise pensando nunha vía de comunicación estratéxica do concello dende unha banda a outra.

Pensa que as demais obras están razoadas e son axeitadas, pero xa que o PEIM inicial se empregou nesa subida, o segundo decidiron invertelo aí, para contribuír a melloralo ben, aínda que con este diñeiro non vai chegar.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Obras, quere corrixir parcialmente, xa que coa parte da Xunta de 36.000€ renovouse a capa de rodadura dende a Igrexa ata a estrada xeral con dobre rego, e rebacheouse ata o alto de Noceda, polo que a parte rebacheada xa empeza a deteriorarse, porque é a estrada que máis tráfico soporta de todas as do concello, ao enlazar a parte interior coa costa e a Cooperativa dos Irmandiños. Informa que da relación que se presenta na moción, teñen previstos dous plans; un de rebacheo e asfaltado con cargo a fondos propios e outro con cargo ó POS do 2012.

O primeiro que se vai executar vai ser o de rebacheo, e é onde se incluírán o de Vilamariz, que estaba comprometido xa cos veciños, o de Couxela, moi necesario, onde hai un problema que calquera día pode causar un accidente nas inmediacións da igrexa e o bacheo asfáltico da pista da estación de FEVE que non entrou no POS do ano pasado.

Dí que ten unha dúbida na pista que vai da segunda cetárea á estrada de Rinlo-Meirengos. Ten unha discrepancia, xa que esta distancia son 700 metros e está sen asfaltar, supón 26.000€ reparalo, e parécelles demasiado con todas as necesidades que hai. Informa que hai un tramo asfaltado que vai a un campo que se utiliza como aparcadoiro na festa do Percebe, polo que o que sí lles parece correcto é unir este tramo coa que xa está asfaltada para darlle cobertura a esta zona, explica que é o que pretenden incluír no POS. Tamén van incluír as pistas de Vilamariz que se deterioraron coa reconstrución da Ponte de Arante e coa saca de madeira que se levou acabo con abundancia.

A Sra. González Loredó explica que a súa formulación era unha serie de necesidades, que non debate se era máis necesaria unha ou outra, pero alédase que se vaian acometer.

Por parte da Concelleira do Grupo Popular retírase a moción ao estar xa propostas as obras do PEIM rural.

O Sr. Alcalde explica que o que comentou o concelleiro de Obras teñen previsto realizalo con fondos propios, co POS da Deputación, que adoitan ser en torno a 60.000€... Teñen o compromiso co Presidente da Deputación de que traerían a brigada provincial de rebacheo para facer o que se considerara nos camiños. Informa que querían incidir en Vilamariz, que foi onde máis se estragou pola rotura da ponte de Arante e as tres pistas están de pena. Confían en que na primavera veña a brigada, tal e como prometeu o Presidente da Deputación.

Neste punto auséntanse do Salón de sesións a Concelleira Sra. González Loredó que regresa aos cinco minutos ao Salón de sesións.

5.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES (8 DE MARZO).

Ao inicio deste punto auséntase do Salón de sesións o Concelleiro Sr.Castro Reigosa que regresa ao Salón de sesións pasados 3 minutos.

Dase conta da Moción que se transcribe de seguido:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de RIBADEO desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

Conmemoramos o Día Internacional das mulleres nun momento complexo e difícil. A crise global e a súa xestión están aumentando as desigualdades no noso país mentres crece a inquietude sobre o futuro das políticas de igualdade e o seu alcance na vida cotiá de homes e mulleres.

Un dos cambios máis importantes que se teñen producido na nosa sociedade nas últimas décadas ten sido a evolución da situación das mulleres e o avance da igualdade, un feito que ten situado ao noso país na vangarda europea. Hoxe as mulleres teñen unha maior presenza na vida económica, social e política, grazas ao seu esforzo individual e colectivo, que ten sido compartido pola sociedade e acompañado por políticas desenvolvidas polas distintas Administracións Públicas.

Nos últimos anos, vimos avanzar a lexislación sobre igualdade. Realizacións como a Lei de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei para a Igualdade, a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE, o Plan Integral de Loita contra a Trata de Seres Humanos, etc.. estiveron acompañados de importantes avances en dereitos sociais plasmados na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia e no impulso de Plans, programas e recursos de atención integral ás mulleres. As políticas de atención social e rendas para combater a pobreza tiveron como destinatarias ás mulleres, principais vítimas da exclusión social, e o incremento das pensións mínimas nos últimos anos melloraron a calidade de vida de moitas mulleres maiores.

O avance en dereitos individuais e o desenvolvemento do Estado de Benestar acompañaron ás mulleres e aos homes do noso país no seu proxecto vital. A pesares das dificultades, non podemos permitir que este proceso de avance, que é positivo para a sociedade no seu conxunto, sufra retrocesos nin se paralice. Creemos necesario defender e manter conquistas adquiridas e seguir impulsando actuacións que fagan efectivo o dereito a decidir, a protección eficaz fronte á violencia de xénero, a igualdade no emprego, a igualdade salarial e o dereito á conciliación, en definitiva a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ademais, debemos reforzar os servizos do Estado de Benestar, a educación, a sanidade, os servizos sociais, as pensións, que foron decisivos para mellorar a vida das mulleres. Non só impulsaron a súa participación social senón que ademais converteron en dereito de cidadanía o coidado das persoas. Tradicionalmente as mulleres ocupáronse en exclusiva do coidado, e o fixeron a costa das súas expectativas e o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

A igualdade é un dereito de cidadanía que ademais de reforzar a cohesión social garante a eficiencia económica, xa que o aproveitamento de todas as capacidades proporciona resultados positivos para toda a sociedade.

So poderemos avanzar nunha sociedade eficiente dende un modelo que recoñeza todas as capacidades, que aproveite o coñecemento e os recursos de todas as mulleres e homes e que afronte a crise de xeito activo.

Con esta ambición pola conquista dunha sociedade que incorpora a igualdade efectiva en todas as súas actuacións, e co compromiso de facer da igualdade un principio reitor de todas as nosas políticas, este Concello de RIBADEO aproba a seguinte MOCION.

Impulsar a presenza das mulleres no emprego e o mercado de traballo garantindo a igualdade no acceso e no salario, conscientes de que dita igualdade é imprescindible para relanzar a nosa economía, contando para elo cun instrumento como a Lei para a Igualdade.

- Apoiar as iniciativas emprendedoras das mulleres.

- Apostar por políticas que garantan o dereito á conciliación da vida profesional, familiar e persoal de homes e mulleres, con medidas que promovan a flexibilidade dos horarios de acordo á necesidades de conciliación das persoas.

Recoñecer e apoiar as iniciativas das mulleres no ámbito rural.

Ampliar a rede municipal de servizos e apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Loitar contra a feminización da pobreza e a exclusión social apoiando ás mulleres en situación de vulnerabilidade, especialmente ás mulleres maiores e as que son responsables de familias monomarentais.

Así mesmo , este Concello reclama ao Goberno da Nación a que:

- Manteña o dereito das mulleres a decidir sobre a súa saúde sexual e reprodutiva, de acordo ca Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE, facendo este dereito efectivo en todas as CC.AA.

- Modifique o decreto de medidas urxentes para a reforma laboral, a fin de garantir o dereito á conciliación así como as medidas que fagan posible a igualdade no emprego, a incorporación das mulleres a todos os postos de responsabilidade, á igualdade salarial, tal e como establece a lei.

-Impulse os servizos do Estado de Benestar relacionados co coidado e a atención a todas as persoas que o necesitan, especialmente menores, persoas maiores e en situación de dependencia. Promova a igualdade real e efectiva en todas as políticas públicas e na sociedade.”

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, explica que non é a primeira vez que se traen mocions con o mesmo obxectivo dando lectura á parte expositiva da mesma.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, manifesta que está de acordo coa moción e avanza que vai votar a favor. Puntualiza que se fala como se non se estivera facendo nada, considera que haberá que mellorar ou abondar, porque impulsar xa se está impulsando, e apoiar as iniciativas das mulleres tamén se está facendo por parte da Xunta e do Concello. Cre que a intención é mellorar. Parécelle ben que se mellore o estado de benestar e pensa que se está facendo unha labor a nivel autonómico e do concello.

O Sr. Yáñez Dablanca, concelleiro do Grupo Municipal do PP, anuncia que eles tamén van votar a favor desta moción, xa que están de acordo tanto na parte expositiva como na propositiva. Informa que os dous homes do Grupo Municipal do PP forman parte do Consello Municipal da Muller, que aínda hai algúns que sacan algún comentario “risible” con respecto a isto e non lle parece unha mostra de respecto, apoio e colaboración a esta idea de igualdade. Polo tanto o concepto de elementos elementais a manter ou o concepto de estado de benestar pasa por esta consideración.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Muller e Igualdade, informa que ela tamén forma parte deses foros e anuncia que o seu grupo vai votar a favor.

Admite que se están facendo cousas, pero quedan outras moitas por facer e con o tema da crise, afecta a toda a poboación, pero especialmente ao grupo das mulleres, por varios aspectos, no tema do paro hai unhas

porcentaxes moito máis elevadas de mulleres, por temas de salarios desiguais e aínda que estamos no século XXI hai unha diferenza moi importante, o tema da conciliación afecta moito máis ás mulleres, a moratoria na Lei de Dependencia ou a subida das taxas das garderías.

Resume que existen uns dereitos sociais que estaban adquiridos e deben seguir loitando todos os grupos a nivel, municipal, autonómico e estatal para que os recortes se fagan tendo en conta esta perspectiva de xénero e igualdade. Considera que os datos solicitados a nivel estatal e municipal sinalan que estamos en tempos difíciles e a volta ó fogar ao non atopar traballo, as expectativas laborais cada vez están máis difíciles e, todo isto sumado ás dificultades por ser muller, por tanto os medios que dende as institucións hai que poñer para paliar isto cren que sí que se fan, pero teñen que ser moi cautos en que os recortes que se fagan a nivel social en materia de igualdade sexan os mínimos posibles pola incidencia e vulnerabilidade de xénero que teñen todos os recortes que se poidan facer, polo que van apoiar plenamente, e quizais a seguinte moción, aínda que leva un compoñente concreto, hai un punto que tamén trata a moción presentada polo BNG.

A Corporación, por unanimidade en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á Moción epigrafiada.

6.MOCIÓN DO BNG SOBRE DEREITOS DAS MULLERES.

Dase conta da Moción que se transcribe de seguido:

“A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como receptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindíbel para rachar situacións de convivencia de parella violentas.

Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galiza renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía.

Neste 8 de Marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpríu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que dismantelará como tantas outras políticas públicas de igualdade.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda

diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alén da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

Dende as institucións onde o BNG ten presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas Institucións se pronuncien no mesmo sentido.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

1. Pedirle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.

2. Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

3. O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actúantes en Galiza.

4. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.”

Iníciase a deliberación intervindo a Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Muller e Igualdade que explica que na primeira parte da moción coincide coa parte expositiva da moción do PSdG e do PP. Explica que o día 8 de marzo no concello tamén se conmemorou, queren facer especial fincapé no retroceso democrático que suporá a anunciada derogación da norma que regula a interrupción voluntaria do embarazo. Considera que son dereitos democráticos e sociais adquiridos, e derrogalos supón un retroceso moi importante e vulneración dos dereitos das mulleres como algo fundamental, o que leva consigo tratar de coartar moitas das políticas de información e de prevención de embarazos non desexados, que levaba consigo a lei que existía ata o de agora, que foi difícil de conseguir e foron uns dereitos acadados nos que non deberíamos dar nin un paso atrás, para ter liberdade e contribuír a dignificar o papel de mulleres, de nais, con dereito a decidir libremente se desexan ser nais ou non.

Reitera que non se debe dar un paso atrás. Entre os acordos que propón o BNG está que o concello se compromete a defender os dereitos das mulleres e a manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010 do 3 de marzo de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción voluntaria do embarazo, que garante a libre decisión sobre a súa maternidade.

Piden á Xunta de Galicia que inste ó goberno do Estado ó mantemento de dita Lei, demandan o desenvolvemento de medidas relativas a información e educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso ós servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

Explica que o punto número 4 da parte dispositiva se refería ao apoio a unha manifestación que houbo o día 11 de marzo, polo que xa non ten sentido. Considera que deberían enviar esta acordo ó presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno do Estado.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no grupo Mixto, anuncia que vai apoiar a moción, matizando que a parte propositiva non é igual pero o contido substancial é o mesmo.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no grupo Mixto, maniféstase de acordo pero difire na presentación do punto número 1, que fala da derogación da Lei Orgánica 2/2010 de 3 de marzo, de Saúde

Sexual. Entende que é unha modificación da Lei, non unha derogación. Pensa que neste punto hai un defecto de forma, porque no tema de Interrupción do Embarazo, non comparte que unha nena de 16 poida tomar a píldora abortiva sen control dos pais ou control sanitario, e que se está utilizando con outros usos. A el gustaría lle que a súa filla de 16 anos consultara con el, igual que ten que pedir permiso para facer un tatuaxe, ou para comprar tabaco, xa que a responsabilidade civil e subsidiaria corresponde aos pais. Neste tema non está de acordo, considera que os políticos se están metendo en labores dos pais.

O Sr. Yáñez Dablanca, concelleiro do Grupo Municipal do PP, intervén e manifesta que considera que na exposición de motivos hai puntos en común coa moción anterior, pero tamén hai unhas diferenzas abismais. A crise económica entorpece de maneira especial ás mulleres, por ser un dos colectivos máis febles á hora de valorar a situación na que vivimos, polo tanto vai ser un dos sectores máis resentidos con todas estas circunstancias.

Di que é certo que se están levando a cabo medidas para intentar paliar moitos destes problemas que existen, como fiscalización aos empresarios etc. e outras medidas de igualdade. Di tamén que houbo outros momentos nos que xa defenderon estas teses, pero tamén coincide co Sr. Reymóndez en que a forma de presentar a situación sobre a lei actual non consideran que veña a conto, polo tanto van votar en contra, non só por considerar que non é un mal de lei, senón unha modificación dentro desa lei, porque foi todo un consenso social dun equilibrio xurídico avalado polo Tribunal Constitucional, polo tanto ninguén transgrediu ou foi contra esta lei.

Continúa manifestándose e dí que meter a sospeita ou falar dun “futurible” en sentido negativo supón desvirtuar o feito en sí da lei, e non se pode ir en contra dun suposto cando o establecido está aí e todos os poderes públicos están a favor do cumprimento, e ninguén fixo nada en contra da lei. O único que hai é unha modificación que atinxe ás menores entre 16 e 17 anos, para que non poidan abortar sen o permiso dos pais. Alguén pode entender que isto desprotexe ás menores ou que vai en contra en determinadas circunstancias que poidan ser suxeito de análise.

Explica o Concelleiro no uso da palabra que a lei do 2010 di que as menores poden decidir sobre a interrupción do embarazo dende os 16 anos, pero establecendo unha excepción, en caso de conflito familiar grave e para iso están as institucións. Cre que a modificación entra do que se coñece como sentido común e non se vulnera ningún outro principio nin dereito individual. Discrepan en xerar tanta desconfianza, polo tanto van votar en contra.

Intervén a continuación, de novo, a Sra. Álvarez Lastra e informa que o seu grupo mantén a súa postura e o texto e os acordos que se tomaron xa que, en primeiro lugar, se existía un consenso social no 2010 onde estaba todo recollido non entende porqué hai que modificalo, é máis, os datos din que dende que a lei está aprobada non houbo unha subida do número de abortos, polo que non sabe porqué hai que dar pasos cara a atrás e retrocesos, xa que unha nena con 16 ou 17 anos é libre de elixir e decidir se vai querer ser nai, dadas as súas circunstancias persoais.

Dí que cre que se poden evitar moitas circunstancias que as levan a unha situación traumática e dificultades de integración social con respecto ós iguais e á súa propia familia que xera moita máis violencia que se deixaran as cousas como estaban, cando existe un consenso social que funcionaba perfectamente, cando se levaban a cabo campañas moi importantes de sensibilización a nivel de centros educativos e de institucións públicas, polo tanto cre que é fundamental. Sospeita que en Galicia sí que se dan subvencións para apoio á muller embarazada, a rede “madre”, onde esas contías son de 889.777€ e o ano pasado eran de 916.500€, cando o tecido asociativo das mulleres que fan campañas aínda non saíu. Cre que todo indica que se están dando pasos atrás e que as declaracións do Ministro non lles fan sospeitar que sexa ese o punto que se vai matizar. Repite que o BNG, como grupo político e dereitos conseguidos por mulleres non van modificar a moción.

O Sr. Yáñez Dablanca considera que non é un paso atrás solicitar o consentimento dos pais no caso dun aborto e tampouco as estatísticas implican unha redución. Segue pensando que unha situación de inseguridade non xustifica establecer un avance dentro da lei, xa que é unha forma de seguir avanzando nunha lei, e nos casos nos que haxa conflito grave terán que actuar os mecanismos institucionais.

A Sra. Álvarez Lastra manifesta que se seguen mantendo e pon como exemplo que a eliminación do Servizo Galego de Igualdade, os equipos comarcais de Igualdade e Benestar, o peche dos centros Quérote comarcais e moitos pasos que se foron dando encamiñan a unha desprotección e pasos atrás. No tema da Igualdade, aínda que se siga apostando, sábese que noutras institucións non se están dando eses pasos e estámonos desprotexendo. Considera que no século XXI as relacións sociais e afectivas cambian, e como pais e nais debemos estar informados, pero tanto os adultos como os menores teñen que ter capacidade de decisión, e máis as mulleres.

Sometida a votación esta Moción por 8 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do PSdG-PSOe no Grupo Mixto) e 5 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PP e o concelleiro de UPRI no Grupo Mixto), acórdase aproba-la mesma á excepción do punto 4º da parte dispositiva da mesma e en consecuencia:

- 1.- O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.
- 2.- Pedirlle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.
- 3.- Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.
- 4.- Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

7.-MOCIÓN DO BNG SOBRE APOIO Á INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA.

Dase conta da Moción que se transcribe de seguido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A **Plataforma SOS Sanidade Pública** está a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución recoñece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para

construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatible co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola **Plataforma SOS Sanidade Pública** vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza”

Intervén a Sra. González Piñeiroa, Concelleira delegada de Saúde e Servizos Sociais, que explica que se trata dun apoio a unha iniciativa lexislativa popular que presenta a plataforma SOS Sanidade Pública, que denuncia a privatización dos servizos públicos. Esta iniciativa baséase en tres aspectos: opta pola xestión pública directa das institucións sanitarias do sistema de saúde de Galicia, rexéitanse fórmulas de colaboración público privada, e tenta mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva da atención primaria, xa que supón o achegamento a servizos de proximidade e axuda a reducir os tempos de espera. Informa que apoian esta iniciativa porque pretende un sistema de xestión descentralizado territorialmente e dá lectura aos apartados da Moción.

O Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, informa que vai apoiar a moción. Destaca o punto terceiro, onde se insta á Xunta e á Consellería de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade, e a manter a xestión pública e directa do sistema sanitario de Galicia. Considera que é o máis pertinente porque hai unha ameaza.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, puntualiza que non se trata dun proceso de privatización, senón que é unha xestión externa, prevista na Lei no ano 2008. Di que non se pode ser tan

hipócrita que non se pode estar nun lado dicindo unha cousa e despois ir ó pleno dicir outra. Informa que as tarifas e os gastos son públicos. Di que non está defendendo a ninguén.

O Sr. Reymóndez Gancedo, neste punto, dáse conta de que está confundido no asunto a tratar e dí, respecto á plataforma de SOS Galicia, que hai bastantes contradicións, pasándo a palabra ao portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular.

A continuación o Sr. Yáñez Dablanca, Concelleiro do Grupo Municipal do PP, manifesta a súa intención de non apoiar a moción, xa que considera que as iniciativas populares recoñécense como unha forma de catalizar o sentir do pobo e as súas necesidades. Considera que nas circunstancias nas que toca vivir canalizar estas iniciativas populares suporía dar cabida a estas e a calquera outro sentimento de indefensión, desacougo etc., xa que non é unha cuestión privativa de necesidades básicas. Con respecto a animar aos veciños do concello a colaborar con esta iniciativa, cre que ó que lle toca gobernar, rexer e distribuír ten que facer unha escolleita entre todo e a sanidade e educación son as partes que reciben as primeiras andainas.

Considera, o Sr. Concelleiro no uso da palabra, que o compromiso da Xunta coa Sanidade pública, é no sentido de mellorar a saúde dos cidadáns a través da garantía dos seus dereitos ou do desenvolvemento eficiente dos recursos sanitarios, ou mellora da atención sanitaria dos galegos constitúen un dos valores principais que rexen a ese equipo directivo, xa que hai feitos como a dotación do novo hospital de Lugo, o inicio da construción do hospital de Vigo, as tramitacións do hospital de Pontevedra, a creación de 18 centros de saúde (4 en execución e 18 pendentes de licitación) son parte desa andaina en positivo coa que se pretende fornecer a sanidade.

Manifesta igualmente que os recortes son evidentes e dí que calan e chegan a toda a cidadanía, pero non hai menoscabo desta atención sanitaria nin diminución no sentido global do ofrecemento de atención sanitaria que debemos recibir. Admite que hai novas formas de xestión, en canto a financiamento, que existe un financiamento por pago aprazado, que independentemente dos ámbitos da xestión pública se está aceptando polos colectivos de diferentes cores políticas, non só na comunidade senón en outros países do entorno, Baleares, Cataluña, Asturias ou Castela A Mancha. Explica que o que se fai é externalizar os servizos complementarios como limpeza, cociña ou cafetería, e fináncianse a través de varias empresas a cambio destas concesións.

Admite que están a favor de empregar as fórmulas máis áxiles, poñer a disposición da cidadanía os mellores recursos sanitarios que garantan unha xestión ó 100% pública e da máxima calidade, pero tamén é certo que estas condicións implican unha situación que non é a que se vive. Explica que hai melloras de capacidades resolutivas, que nos últimos anos hai formas complementarias e resolucións máis áxiles do que viñan sendo. Con estas limitacións e partindo deste obxectivo opóñense a esta moción.

O Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, intervén e manifesta que cre que se ten medo de que se privatice a sanidade pública, pero pensa que non é así, que a sanidade pública non está en perigo, quizais os grandes partidos están utilizando como arma a privatización. Fala que a última vez que se empregou a privatización en Ribadeo foi fai dous meses, cando o cobro do imposto de plusvalía se mete en mans do Rexistrador da Propiedade, habendo técnicos no concello que moitas veces non saben o qué facer. Neste tema considera que, sen ningunha ideoloxía política, se está creando un estado de opinión para levarse ben entre eles. Pensa que non é para tanto, nin para asustar á xente. Hai unha serie de parlamentarios responsables de sanidade, como Modesto Pose, que di “que recorten de las Diputaciones que se dedican a hacer campos de fútbol y reorganicen la administración social”. Pregúntase se non sabe que a Deputación de Lugo está gobernada polo PSOE. Pensa que se están tirando á sanidade e á educación sen razóns visibles. Recorda que había problemas cos medicamentos xenéricos sen pensar en todo o que se aforrou. Considera que os da

plataforma SOS están queimados porque lles fan traballar de verdade. Manifesta a súa intención de votar en contra.

Intervén novamente a Concelleira Delegada Sra. González Piñeiroa e manifesta que tanto o estado da sanidade, do ensino e demais servizos públicos constitúen un baremo moi importante para marcar o estado social, a equidade e a solidariedade. Pensa que a crise económica sí que está contribuindo a un deterioro da calidade dos servizos sanitarios. Pon como exemplo a redución do orzamento para atención primaria dende o 2009 de 188 millóns de euros, en especializada de 20 millóns de euros. Outro dato o abandono do plan de mellora de atención primaria que tiña previstos 62 millóns de euros en catro anos, para resolver a masificación das consultas e a súa baixa capacidade resolutive. Cre que non todos os que traballan na pública traballan na privada.

Refírese tamén a abandono dos anteriores plans de saúde mental, da muller, do plan de drogodependencias e de atención sociosanitaria, a previsión de amortización de gran parte das prazas de persoal que se xubilarán nos próximos tempos e a conseguinte diminución dos cadros de persoal, a redución ata límites escandalosos de substitución de persoal de baixa ou de permiso, supresión de xornadas de tarde en atención especializada ou peonadas, que baixaban as listas de agarda, e que aumentan o desvío de intervencións a clínicas concertadas. Na comarca de A Mariña supón desprazamentos a Lugo, Coruña ou Santiago. Aumentan paulatinamente a redución do número de camas que pechan durante o verán, hai dificultades para o acceso á tarxeta sanitaria do colectivo de inmigrantes. Con respecto ao copago, a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, falando do que está pasando en Cataluña, di que non lle parece mal, e hai que ter en conta que hai colectivos de enfermos crónicos, que terían que pagar os medicamentos. Refírese ao servizo de copago na atención temperá de Burela, que atende sobre todo nenos con problemas, e que agora terán que pagar. Afecta a colectivos e familias con non demasiado poder adquisitivo. Fala de que o cambio no mapa sanitario coa centralización de servizos provocará a desaparición de determinadas especialidades. En resumo, pensa que hai menos persoal e menos orzamento, polo tanto unhas consecuencias lesivas para a cidadanía.

O Sr. Reymóndez Gancedo, considera que a Concelleira de Sanidade da uns argumentos cribles pero non sabe se é verdade o que está dicindo, xa que de repente todo está mal.

O Sr. Alcalde propón que os voceiros dos distintos grupos defendan a súa postura, argumenten e voten.

O Sr. Yáñez Dablanca di que son datos de 2009, que se podería ir máis atrás e a redución sería maior. Pero o presentalo a través de circunstancias reais vividas, non xustifica o que está pasando nos distintos sectores. Explica que están falando de sanidade e puxo exemplos de reducións de atención, pero tampouco se pode ter aquí a universidade, non se pode pretender ter en todos os sitios a todos os especialistas. Admite que crear novos hospitais sigue sendo apoio á sanidade e creación de recursos. Considera que con esta redución vai haber xente directamente afectada ata o límite, pero non se pode traer aquí o novo hospital de Lugo, aínda que sí que se poderían arranxar outros servizos, non só o goberno central ou a Deputación, xa que todos teñen asignadas unhas partidas e hai que repartilas, o que non quita que o arranxo do pavillón estea ben feito, xa que non é incompatible.

A Sra. González Piñeiroa dí que lle preocupa que en atención primaria reduzan persoal e un só médico teña que atender a máis pacientes, a atención non vai ser a mesma. Cre que a redución no tema de prevención é moi importante, xa que todo o que se poida previr agora, son enfermidades que ao final non hai que curar. Considera que hai uns recortes en sanidade evidentes e innegables. Considera que hai que mimar a atención primaria, porque todos imos ao médico.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta se a saturación en atención primaria se debe á crise. Porque tamén hai saturación no ensino. Non sabe se representa un dano ao paciente.

A Sra. González Piñeiroa pon como exemplo que se un médico está de baixa ou de permiso e non o cobren, os pacientes pasan a ser atendidos por outro médico que xa tiña ós seus pacientes.

Rematado o debate sométese a votación a Moción e por 8 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do PSdG-PSOe no Grupo Mixto) e 5 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PP e o concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) resulta aprobada nos termos da mesma.

8.-MOCIÓN DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN E SUBA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALIZA.

Dase conta do contido da Moción, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Servizos Sociais de Galiza establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos, de calidade e en cooperación cos concellos, foi unha peza fundamental para o logro deste obxectivo, e con esta finalidade creouse no anterior goberno da Xunta de Galiza o Consorcio Galego da Igualdade e o Benestar, que consolidou e ampliou a rede de escolas infantís públicas.

Cando o goberno do PP tomou posesión había 85 Galescolas ou escolas infantís en funcionamento, dispoñendo de 3.942 prazas. Ademais había outras rematadas ou a piques de ser rematadas e unha boa cantidade delas coa tramitación iniciada ou licitadas. O goberno do PP retrasou a posta en funcionamento de moitas delas e incumpriu moitos protocolos e acordos establecidos con numerosos concellos para a construción de escolas infantís.

Agora o goberno do PP inicia a privatización pola vía de urxencia deste servizo público nas novas escolas infantís que abrirán proximamente e incrementa escandalosamente os prezos públicos a pagar polas familias usuarias das mesmas, sen ter en conta a delicada situación de moitas familias que agrava a actual crise económica, os recortes sociais e a política impositiva do PP.

Exemplo desta privatización que leva a cabo o PP é a que sofre a escola infantil de Monteporreiro, no concello de Pontevedra, e a anunciada licitación da xestión privada das escolas de Betanzos e Carballo.

Coa privatización desmantélase un servizo público para favorecer que determinadas empresas fagan negocio co ensino, afecta á necesaria corresponsabilidade entre homes e mulleres e tamén á conciliación da vida laboral e familiar, reducindo a calidade educativa nas escolas infantís e empeorando as condicións de traballo e o acceso en igualdade de condicións do persoal laboral que presta servizos nas mesmas.

Ademais, o goberno do PP aprobou o pasado día 19 de xaneiro un incremento pola atención educativa que pasa de 110 euros a 160 euros, que supón un incremento de case o 50% e un incremento do 112% do servizo de comedor, que pasa a máis do dobre, de 33 euros a 70 euros. O fan aplicando os incrementos no IPC que se produciron desde 2002. Inicialmente esta medida non ía afectar a familias con rendas inferiores aos 1.500 euros, mais agora o reducen até os 1.200 euros. Trátase dunha política do goberno do PP que

repercute aínda máis o custe da crise económica nas maiorías sociais, nas mulleres e nas familias monoparentais.

Por riba, un servizo básico como é o comedor soporta a maior suba, a pesar de que todas as familias que levan aos seus fillos e fillas coincidindo cunha xornada laboral sempre precisarán deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Por outra parte, o goberno do PP eliminou o orzamento de 2,5 millóns de euros destinado aos concellos para o mantemento das escolas infantís municipais, o que obrigará a que os concellos teñan que aplicar estes incrementos ou outros superiores.

O PP degrada un servizo público fundamental para as familias e as persoas con fillos ou fillas, para favorecer o lucro privado e impedindo o servizo da escola infantil a moitas familias que o necesitan, contribuíndo a agravar a situación económica das persoas e das familias neste momento de crise.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Paralizar os procesos de privatización da escola infantil.
2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.”

Intervén en primeiro lugar a Sra. González Piñeiroa, Concelleira de Saúde e Servizos Sociais, explica que a moción vai en contra da privatización e suba escandalosa das tarifas das escolas infantís. Preténdense paralizar os procesos de privatización da escola infantil e calquera revisión dos prezos non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias e das persoas que precisan o servizo. Vólvese a falar do colectivo desfavorecido das mulleres, da conciliación da vida laboral, familiar e persoal, da corresponsabilidade e de familias que se non poden pagar as garderías e teñen que optar por quedar na casa.

A continuación toma a palabra o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, e dí que polas mesmas razóns, apoia a proposta sen entrar en debate.

O Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, considera que hai unha xestión externa prevista na Lei de Servizos Sociais de Galicia do 2008 feita polo BNG, que dende o ano 2002 non se modificaron os prezos, polo que dicir que o máis desfavorecido non ten acceso a gardería é mentira porque segundo o IPREM, o indicador público de renda a efectos múltiples, di que “para las rentas inferiores al 30%, el precio de la plaza con servicio de comedor es de 0€; para las rentas comprendidas entre el 30% e inferiores al 50% el precio de las plazas con servicio de comedor es de 16’50€ y sin servicio de comedor de 0€; para las rentas comprendidas entre el 50% e inferiores al 75% del IPREM el precio de la plaza con servicio de comedor es de 49,50€ y sin servicio de comedor de 33€”.

Explica que se as rendas son superiores ao 200% do IPREM o prezo da praza con servizo de comedor é de 230€ e sen servizo de comedor de 160€.

O Sr. Yáñez Dablanca, concelleiro do Grupo Municipal do PP, matiza que están traballando dende unha perspectiva de recortes e ninguén o discute. Aclara que non é unha privatización, senón que se externaliza o modelo de xestión, pero os prezos e os ratios de persoal son públicos, a revisión que se fai é a través de

inspección, que é o que se debería fortalecer. Outro concepto sería que hai un 50% de familias que están por debaixo do umbral de 1.190€, aos que non se lles verá incrementado nada.

Dí tamén que hai unha parte positiva, que a rede da Xunta oferta 7.500 prazas públicas en escolas infantís, as prazas con fondos públicos son máis de 16.000 e no que vai de lexislatura están creadas máis de 2.000 prazas e contan crear 1.000 máis, sen tocar ámbitos individuais. Admite que hai xente afectada, pero a crise afecta desta maneira. Manifesta a súa intención de votar en contra.

O Sr. Alcalde refírese ás cifras aportadas polo concelleiro de UPRI, di que a clase media ou media-baixa gana máis do 0,30 do IPREM, xa que o IPREM corresponde ao salario mínimo prorrateado por cabeza familiar, é dicir que gañar 300€ ao mes, afortunadamente non se da en moitos casos, por iso esa xente paga 0. Espera que nas cifras que presentou o concelleiro do PP, dentro das 1.000 prazas que quedan por facer, 30 ou 40 sexan para Ribadeo.

A Corporación, en votación ordinaria, por 8 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do PSdG-PSOe no Grupo Mixto) e 5 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PP e o concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos propios termos da mesma.

10.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE PROMOCIÓN DO EMPREGO E APOIO Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE NOVAS EMPRESAS NO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase conta da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

“Mª del Campo López Braña Freije , Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Ribadeo , en nome a representación do mesmo e ó abeiro do establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización , Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta Moción, con base nos motivos e consideracións desenvoltos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É un feito incontestable que o Concello de Ribadeo non está ao marxe da actual coxuntura socioeconómica esta a provocar que un día tras outro se estean a pechar empresas e destruír postos de emprego , o que trae como consecuencia que unha grande parte das economías familiares da nosa Vila estean fundamente feridas.

Neste contexto cumpre recordar que segundo o artigo 35 de Constitución do 78, os Poderes públicos teñen a obriga de garantir o dereito de todos os españois ao traballo, ao que ademais de ter dereito teñen deber, e por outra banda, tamén é obriga de garantir deses mesmos poderes públicos promover as condicións favorables para acadar o progreso social e económico , estando especialmente, obrigados, segundo artigo 40 da norma fundamental a, a realizar unha política orientada ao emprego.

Ante estar premisas é sendo conscentes de que a loita contra o desemprego, o apoio a creación de novos postos de traballo e ao establecemento de novas empresas é a mellor política social que se pode desenvolver dende o Concello é que os CONcelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular instamos ao Alcalde e aos seu equipo de gobernó así como o resto de Grupos Munciplaes para impulsara dende o Concello a

adopción das decisións e actuacións precisas que permitan a posta en funcionamento dos instrumentos necesarios para acadar os seguintes OBTETIVOS:

- 1.-* Dinamizar o mercado laboral no municipio, fomentando a consolidación do tecido empresarial, proxectando a Ribadeo cara ao exterior como lugar turístico de interese e atractivo para a iniciativa empresarial
 - 2.- Facilitar aos desempregados o acceso a un emprego estable, de calidade , en igualdade de condicións , seguro e ben remunerados
 - 3.- Apoiar a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego
 - 4.- Fomento das políticas de igualdade no emprego entre homes e mulleres
 - 5.- Impulsar a inserción laboral de colectivos con maiores dificultades para atopar emprego
 - 6.- Fomentar a participación dos actores locais no deseño, desenvolvemento e execución de políticas municipais orientadas á creación e mellora do emprego no CONcello
 - 7.-Fomentar a economía
 - 8.- Facer converxer a formación e a orientación para o emprego coas necesidades das empresas
 - 9.- Acadar unha mellor e máis racional utilización do traballo dispoñible e aumentar a ocupabilidade dos desempregados
 - 10.- Mellorar a estabilidade e a calidade do emprego e o aproveitamento dos recursos humanos
- E para acadar estes obxetivos é que dende o GRUPO MUNICIPAL DO PP sometemos a consideración do Pleno da Corporación a aprobación do seguinte ACORDO:

Instar do Alcalde e o equipo de Goberno a adopción e o impulso das decisións e medidas necesarias e a execución daquelas actuacións e xestións que permitan:

- 1.- Impulsar a creación dunha MESA SECTORIAL SOBRE O EMPREGO na que coa participación de partidos políticos, axentes sociais , económicos , asociación e colectivos de veciños da Vila... funcións como observatorio permanente do mercado de traballo e contribúa ao deseño, execución e avaliación dun PLAN DE EMPREGO PARA O CONCELLO DE RIBADEO
- 2.-Impulsar a creación dun CENTRO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN EMPRESARIAL que desenvolva función de asesoramento e promoción dos /das emprendedores /as (SAE) tempo sirva de centro de recursos de coñecemento do mercado laboral
- 3.- APOIAR A COOPERACION EMPRESARIAL. A través da divulgación entre o tecido empresarial da iniciativa REDE MENTORING, Rede galega de experiencia para a mellora das empresas, que se presenta como unha unidade de xestión independente xestionada por BIC GALICIA(Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia) , que a súa vez é un organismo dependente da Consellería de Economía e Industria , que ten por obxecto fomentar o espírito emprendedor, apoiar a creación de empresas, dotar aos futuros empresarios dos coñecementos e habilidades necesarias para xestionar a súa empresa e apoiar a consolidación e innovación no tecido empresarial galego.
Esta rede galega de empresarios mentores configúrase como un novo instrumento de apoio á creación , consolidación e crecemento das empresas galegas a través dun proceso estruturado no que se comparte coñecemento entre empresarios, de xeito que algún membro dunha empresa con máis experiencia (ou mentor/a) ensina , aconsella, guía e axuda a outra persoa (ou mentorizado/a) no desenvolvemento da súa empresa, investindo tempo, enerxía e coñecementos , e todo elo de xeito altruista.
- 4.- Posta en funcionamento do POLIGONO EMPRESARIAL e apoio a aquelas empresas que están interesadas en establecerse nel.
- 5.- APOIAR A CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS mediante a bonificación de ata un 50% máis taxas municipais de Declaración de Responsabilidade , e nas taxas por obras para remodelación , ampliación ou reforma de locais de negocio

- 6.- APOIAR OS PROXECTOS BASEADOS NO COOPERATIVISMO, como tipo de empresas cunha fórmula empresarial moi interesante para desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, sendo ademais unha iniciativas empresariais para as que a Xunta de Galicia dispón de axudas económicas específicas a través da liña do "fomento e consolidación das asociacións cooperativas"
- 7.- Impulsar o desenvolvemento dun convenio cos centros educativos do Concello para celebrar un CONCURSO DE IDEAS/PROXECTOS EMPRESARIAIS entre o o colectivo de estudantes de secundaria dotado economicamente cunha bolsa de estudos
- 8.- Impulsar o desenvolvemento de PROGRAMAS DE FORMACIÓN LAOBRAL (cursos, charlas , seminarios , escolas obradoiros ...)dirixidos aos colectivos con especiais dificultades de integración no eido laboral, mozos , mulleres, parados de longa duración, maiores de 45 anos e con escasa formación..
- 9.- Impulsar o desenvolvemento de función de intermediación laboral mediante a creación dunha BOLSA DE TRABAJO E APOIO A BÚSQUEDA DE EMPREGO en colaboración coa Oficina Local de EMPREGO
- 10.- Impulsar a creación dun BANCO DE TEMPO , orientar o facilitar compatibilización da vida laboral e familiar. "

Intervén, en defensa da Moción a Sra. López-Braña Freije, concelleira do Grupo Municipal do PP, e manifesta que considera que todos son conscientes dun problema que afecta a todos e intentan poñer un pouco da súa parte. Non buscan unha ordenanza nin unha norma, senón que se trata de unha enumeración de obxectivos, con ánimo de chamar á responsabilidade, porque se ben o concello de Ribadeo non vai influír nas políticas nacional ou autonómica de emprego, sí que teñen a responsabilidade de que os veciños saiban onde están.

Dí que se sabe que todos teñen problemas de traballo, polo tanto o obxectivo é dar unha resposta aos veciños, aínda que son conscientes de que o concello non vai adoptar grandes medidas. Pretenden que dende o concello se asuma a dirección e o impulso nesta materia, xa que se pode dicir que dende o concello xa hai actuacións, pero son illadas e ocasionais. Cre que a raíz de presentar a moción apareceu o turismo de Reunións ou de Eventos, do que se enteraron polo medios de comunicación, que se reuniron con 20 comerciantes, un deputado do BNG e a concelleira. Admite que souberon ese mesmo día que se inverton 7.000€ nunha páxina web. Considera que son medidas, pero pide que se tome máis en serio e por iso piden un plan de emprego para o concello de Ribadeo impulsado polo alcalde e polo equipo de goberno, pero no que estean implicados todos os sectores con un mínimo de responsabilidade, tanto políticos, como sindicatos, asociacións, asociación de pais etc.

Continúa coa súa intervención a Concelleira do Grupo Popular e dí que cre que hai que adoptar decisións serias para que dentro duns anos haxa un tecido e unhas bases sobre as que poder seguir medrando. Se se apoia a creación de traballo hai que ser conscientes de que para que as Administracións non cobren as taxas e poidan seguir mantendo os servizos públicos precisan cartos e ingresos, que veñen de seguir cobrando e ampliando as taxas. Indica que hai que apoiar a creación de novas empresas, a xeración de emprego, que a xente invista cartos para desa forma pagar licencias e impostos, xa que non hai maior garantía dos servizos públicos e dos servizos sociais que o emprego. Propón como medida que se cree unha mesa ou xuntanza onde todos os colectivos estean implicados para elaborar un plan de emprego, onde todos poidan opinar.

Centraliza as medidas en tres puntos: apoio á empresa e ós emprendedores bonificando as licencias de apertura, apoiar a cooperación empresarial, estimular ao empresario, facilitar solo empresarial que hai que vender e traer empresa. Despois hai que formar aos novos emprendedores e aos traballadores, non só con cursiños, senón chegando a acordos cos colexios, impulsar na mentalidade da xente o que é crear unha empresa e non só crear a conciencia de que hai que sacar un posto na Administración, que non pode ser unha axencia de colocación, xa que non é de recibo que cada vez que hai unha praza haxa 1.000 persoas para ela. Hai que axudar á xente a entrar na carreira laboral. Admite que sabe que o concello ten medidas,

pero hai que levalo á realidade, e facer difusión. Entende que tomar a iniciativa é unha responsabilidade do alcalde.

De seguido intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, admite que o tema é importante pero nese mesmo momento daría para moito, polo que habería que adicar un tempo a falar destes asuntos e a contrastalos e concretalos. O que lle parece máis interesante é a proposta dunha mesa ou ente que debata ou estude, e nese seo irían as propostas, xa que sería unha cousa concreta que pretende ser operativa, quizais o debate sería máis produtivo.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, intervén a continuación e manifesta que considera que calquera responsable político de Ribadeo está de acordo facer algo para crear emprego, pero o que non se pode é xogar a ser empresarios. Parécelle ben crear unha mesa. Respecto ao apoio a empresas e vender o polígono parécelle ben, pero considera que ás veces dende o concello non se pode facer, así que habería que facelo dende o goberno da Xunta ou do Estado, porque sería duplicidade de funcións que non lle corresponden ao concello. Dende o seu punto de vista, o concello ten que axilizar e simplificar os permisos, rebaixar permisos de obra. Di que hai unha técnica de emprego. Considera que non se pode xogar a ser empresarios, o que deben facer é facilitarlles todo.

Considera que o polígono industrial de Ribadeo é moi pequeno e non está estratéxicamente mellor que outros polígonos, cre que son parcelas moi grandes para pequenos emprendedores, porque as pequenas xa se venderon. Considera que é moi caro, e aí e onde o concello tería que afinar, aínda que sabe que o culpable é SEPES. Pon como exemplo o polígono de Castro de Rei, que en 6 anos xa vai pola 2ª fase. En Ribadeo o prezo medio do metro cadrado é de 80€, e o de Castro de Rei é de 19€ para pequenas empresas. Sabe que é complicado, pero poderíase facer que a parcela fose máis barata e se rebaixaran os custes, para que non custara 7.000€ facer unha nave. O Sr. Reymóndez Gancedo considera que a proposta do PP está ben pero el engadiría todo isto. Repite que a bonificación xa a levaba o seu grupo no programa electoral. Cre que é mellor que o empresario faga a empresa e o político se limite a facilitar. Manifesta a súa intención de apoiar esta moción.

De seguido toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que considera que todas as medidas que se expoñen na proposta teñen o seu compoñente positivo, pero moitas delas son obxectivos, non medidas concretas, que tamén comparten. Respecto ao polígono cre que eles impulsan, pero se non hai ninguén que compre é complicado e SEPES cando gasta 7 millóns de euros para desenvolver unha actuación, por lei non ten que gañar nada, pero tampouco perder nada. SEPES baixa o prezo e facilita o financiamento pero ninguén quere facer nada, á parte de 13 ou 14 valentes que tiran para adiante con liortas, discusións etc.

Considera que están tomando en serio o emprego dentro das súas posibilidades orzamentarias e competencias legais. Di que algunhas medidas por separado pódenas votar a favor, pero outras non, xa que consideran que se deben facer doutra maneira. Informa que están tentando consolidar un traballo moi importante en rede, algo que non se producía no ámbito turístico, a través de mesas sectoriais, con instrumentos web para que operadores poidan centralizar, segundo a implicación de lecer, hostalería e hoteis, para que poidan ofertar a prezos máis asequibles, que o concello se implique como o fixo modificando as ordenanzas municipais para que alguén que queira utilizar o auditorio non se lle cobre, dentro do programa de Ribadeo Eventos, cando outra persoa por aproveitamento privativo sí que tería que pagar a taxa. Admite que igual se frustra, pero en principio a xente estao valorando moi ben.

Manifesta igualmente o Sr. Alcalde que o obxectivo é acadar produtos e paquetes turísticos diferenciados de cara a mellorar o destino Ribadeo. Tamén están ofrecendo programas de formación e traballo conxunto no sector comercial, a través dunha serie de medidas anticrise, no que se buscan medidas innovadoras,

transformadoras e diversificadoras, fomentando o desenvolvemento de actividades emprendedoras e creación de empresa para crear unha vila máis atractiva, que permita aproveitar os recursos locais e avanzar en termos de desenvolvemento económico e social.

Suliña que é consciente de que estas políticas de austeridade, de reforma laboral, de redución do gasto público ou gasto social, de progresiva desregularización dos mercados son erróneas, xa que o problema da economía galega e do Estado non está no mercado laboral, senón na estrutura produtiva e no sector vinculado ó “ladrillo”. Cre que se implican cuestións de índole estatal, europea e autonómica. Respecto á proposta de impulsar a creación dunha mesa sectorial de emprego, di que non é novo dende a década dos 90 e os Pactos Locais de Emprego, di que se pode falar e aportar o mellor de cada un. Non ten inconveniente en crear un Centro Integral de Apoio a emprendedores onde se artelle e coordine a formación de empresas, se houbera facilidades orzamentarias, xa que resulta contradictorio que por un lado se faga demagogia e polo outro se digan cousas diferentes, como a actual Reforma Laboral.

Explica tamén o Sr.Alcalde que dende o concello xa se tivo un primeiro contacto coa rede “Mentoring” e divulgábanse cursos, fomentábase a cultura empresarial etc. Cre que se debería convidar a responsables da rede “Mentoring” de cara á organización de xornadas en Ribadeo e dar a coñecer a existencia desta rede por todas as canles mediáticas que sexa posible e salientar que un bo traballo en rede é o que se está a facer dende a concellería de desenvolvemento local e a través das mesas microsectoriais do sector turístico, que queren ampliar a outros sectores. Respecto ao polígono industrial, non sabe se a motivación se pode dar dende o ámbito municipal, xa que non teñen a capacidade para baixar o prezo do metro cadrado a 30€, porque se fixo nun sitio moi atractivo pero houbo que dotalo de servizos que o encareceron moito.

Respecto a unha bonificación dun 50% das taxas municipais, entende que esta medida é ilegal, xa que non poden rebaixar as taxas de declaracións responsables para empresas, porque se aprobou adaptar a directiva da UE a declaracións responsables e baixáronse de maneira significativa as taxas de actividade, á parte de facilitar a tramitación desas licencias de actividade e apertura, só teñen que cubrir un papel, se non fan obra que precisan licencias, e a responsabilidade cárgase ao concello. Cre que o que non pode ser é que a xente do polígono teña a taxa máis barata que a que queira abrir un negocio en Remouelle, por exemplo.

O Sr.Alcalde continúa no uso da palabra e dí que respecto á medida de impulsar os proxectos baseados no cooperativismo non teñen ningún problema. Respecto a impulsar o desenvolvemento dun convenio cos centros educativos di que están na idea de poñer en marcha un programa que se chame “Novos emprendedores”, en colaboración cos centros educativos e a cidadanía en xeral. Respecto a impulsar programas de formación laboral, como cursos, charlas, seminarios ou obradoiros, explica que dende o concello xa se veñen realizando. Informa que teñen solicitado un curso de acción, formación e desenvolvemento á Xunta para Atención Sociosanitaria a persoas en institucións sociais que espera que lle lo dean. Tamén están traballando para homologar un espazo para ser Centro de Formación de Ribadeo, xa que a día de hoxe non ten un centro de formación e estase traballando nunha dependencia municipal para iso.

Por outra banda sinala que respecto á creación dunha bolsa de traballo e apoio á busca de emprego, informa que xa existe unha bolsa de emprego, que a colaboración coa oficina de emprego debe ser a través do servizo de emprego da Xunta e neste sentido levan pedindo anos á Xunta subvención de cara á orientación do emprego para poder poñer en marcha este servizo e crear outros servizos como clubs de emprego, estudo de necesidades formativas, xestión de ofertas de emprego etc. polo tanto espera que este ano a petición que teñen feita sexa favorablemente contestada, porque redundará en dinamizar o sector que a todos ocupa.

Respecto ao último punto de impulsar a creación dun banco de tempo, entende que un banco de tempo debe servir para traballar formas de economía alternativa, pero non deben ser medidas que substitúan ao emprego nin outras accións de cara á compatibilización da vida laboral e familiar, xa que non debe ser un camiño de caer na precariedade do emprego feminino, polo tanto débese facer unha conciliación da vida laboral e familiar e estes programas de cesión de tempo gratuito deben nacer con outros obxectivos, non soamente de apoio a economía de mercado. Cre que todos os obxectivos son loables pero discrepa en algunhas das medidas concretas, polo que pregunta se queren votar unha por unha todas as medidas ou en bloque, pero no último caso non van votar a favor da moción, xa que teñen actuacións encamiñadas por encima delas e outras non están na mesma liña, aínda que coinciden nunha parte importante.

Intervén de novo a Concelleira do Grupo Municipal Popular Sra. López-Braña Freije, e dí que quere facer unhas aclaracións con respecto ao apoio á creación de novas empresas mediante a bonificación das taxas municipais, explica que non se limita ao polígono industrial, xa que se se bonifica a creación dunha empresa, é o mesmo que se abra no porto deportivo ou en Arante. Cando fala de bonificación, fala da apertura dunha empresa, das licencias de obra ou de remodelación. Admite que se baixaron as taxas coa declaración de responsabilidade, pero cada vez que vai o técnico se hai algo mal e ten que volver facer outra inspección son outros 70€, polo que o que se aforra por un lado, gástase polo outro. Non quere entrar no debate que houbo no seu día. En referencia ao polígono industrial, pensa que se pode facer máis atractivo, xa que se o solo só depende de SEPES, o concello pode facer máis sinxelos os trámites burocráticos, axudando á bonificación da apertura da empresa, licencias de obra, de remodelación etc.

Di tamén que o concello perderá ingresos, pero o que se perde por un lado gáñase polo outro. Respecto ao banco de tempo, considera que é como medida de fomentar a conciliación da vida laboral e familiar, para que esa xente poida dispoñer de horas para o traballo e non teña que renunciar a traballar porque teña que coidar fillos, por non ter unha gardería ou porque non teña tempo. Finalmente, en relación a votar xunto ou por separado, repite que son unhas medidas, que ela quixo que saíra a idea dunha mesa sectorial sobre emprego apoiada polo alcalde, quixo votar por separado e dixéronlle que non podía ser. Quere que saia o compromiso de todos de que se vai crear unha mesa sectorial de emprego, que se vai impulsar dende o concello, e que se van levar e impulsar estas medidas. Quere que asuman entre todos a aprobación desa mesa sectorial e despois debateríase e sería responsabilidade do alcalde como levar esta mesa e como debater.

O Sr. Alcalde non quere afezar a moción, pero cre que unha mesa sectorial componse de sectores que primeiro hai que identificar e estase traballando co comercio e co turismo, pero unha mesa sectorial hai que avaliala e deseñala.

A Sra. López-Braña Freije responde que o Sr. Alcalde é quen ten que decidir se se fai ou non, e ten que asumir a responsabilidade no tema.

O Sr. Alcalde di que eles están tamén preocupados pola situación actual do emprego, polo que non ten problema para traballar de maneira conxunta e facelo así. Aínda que voten en contra, aclara que non votan en contra das medidas, senón que en cada unha delas pode haber un debate e aportar todas cousas positivas e el comprométese a abrir unha serie de encontros que nunca houbo ata o de agora. Parécelle positivo, de feito hai un regulamento de participación cidadá que está sen aprobar definitivamente e que contempla a creación dunha serie de mesas sectoriais.

O Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, explica que votou que sí a dúas mocións porque valorou o espírito da moción, aínda que había puntos nos que non estaba de acordo, xa que o equipo de goberno é moi diferente da oposición, estea o partido que estea, porque ten outros coñecementos, pero pensa que se debería valorar o espírito da moción.

O Sr. Alcalde di que non quere aprobar unha moción na que se comprometa á creación dun banco de tempo para asuntos laborais, xa que se pode facer pero para actividades de lecer, polo que non quere aprobar unha cousa e despois non cumprila. Explica que dende a vontade de buscar puntos de encontro quere dicir que non lles da medo falar, xa que se din que falen coa Xunta para que adxudique a un técnico que están pedindo, tamén é normal que falen con eles para saber que van facer. Resume que o seu espírito está con todo, pero non están de acordo con algunhas medidas.

Rematado o debate sometese a votación a Moción de referencia e por 5 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do PP e do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) , 7 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e 1 abstención (do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto), resulta rexeitada a mesma.

A continuación intervén o Sr. Alcalde que anuncia que son as 12 da noite. Explica que lle pasou unha vez fai tres anos nun pleno, e parou o reloxo, pero non sabe se iso implica algo de ilegalidade, porque do contrario terían que parar a sesión e verse dentro de 24 horas.

O Secretario accidental informa que o que dí a norma é que debe de contemplarse a unidade de acto nas sesións, o que significa que teñen que acabar no mesmo día que se comezan. Se eso non fora así, hai obriga de facelo constar na acta. É probable que haxa irregularidades en acordos adoitados, aínda que parece ser que non é o caso, porque en rogos e preguntas non se adoitan acordos. Cre que non hai outro tipo de problemas e que, en todo caso, sería unha leve irregularidade. Do contrario habería que deixalo para a próxima sesión.

O Sr. Alcalde di que como queiran, que o xogo para a oposición sempre é o apartado de rogos e preguntas.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, non ten inconveniente, aínda que cre que esa medida é boa, xa que non pode ser que pensando na participación ou no interese que ten o capítulo de rogos e preguntas poñelo ás 12 da noite. Cre que ten que estar distribuído doutra maneira e non se pode facer unha sesión que dure tanto tempo, que sería mellor adiantalo para que non pase a horas nocturnas.

O Sr. Alcalde responde que os plenos están establecidos de maneira ordinaria para as 8 da tarde. Explica que este alcalde ten a desgraza de que deixa falar a todo o mundo o tempo que lle “peta”, podía taxar o tempo a 5 minutos cada un, e ás 10 da noite xa estaría todo liquidado, pero para que ninguén o acuse de nada todo o mundo fai o que lle “peta”, e entón os debates eternízanse.

Di que lle serve para outra vez, que poden taxar 5 minutos para cada un, con unha réplica de 3, coma no Parlamento e “santo remedio”. Considera que o debate serve para moitas cousas, non para pasar o tempo.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, recrimínalle que leve a pleno 10 mocións.

O Sr. Alcalde responde que se presentaron unha “pila” delas. Di que fai pouco tempo tivo que escoitar unha crítica por un pleno que estaba baleiro de contido.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que se falou do Plan Xeral cunhos puntos que tiveron certo debate, e con 10 mocións o pleno alónganse.

O Sr. Secretario le o artigo 87 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que di “toda sesión sea ordinaria o extraordinaria habrá de respetar el principio de unidad de acto y se procurará que termine en el mismo día de su comienzo. Si éste terminara sin que se hubiesen

debatido y resuelto todos los asuntos incluidos en el orden del día, el presidente podrá levantar la sesión. En este caso, los asuntos no debatidos habrán de incluirse en el orden del día de la sesión siguiente.”

Di que hai interpretacións e sentenzas pero todas van no mesmo sentido, pero non se cualifican como ilegais os acordos adoptados nestas circunstancias, aínda que sí irregulares, pero explica que en rogos e preguntas non se van adoptar acordos.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do Grupo Municipal do PP, considera que o único culpable é o Sr. Alcalde, por poñer esta orde do día, xa que se lle advertiu por activa e por pasiva que era excesivamente longo e ía pasar das 12 da noite, debido a que ía o Plan Xeral e 10 mocións.

Considera que o Alcalde di que lle mete as mocións do PP, pero só meteu unha e outra que non era, cando teñen presentadas unha da ordenanza de accesibilidade que sería importantísima co Plan Xeral e un proxecto para a Casa da Ría. Di que xa sabe que o alcalde pode levar as mocións a pleno cando queira, pero parécelle inconcibible porque xa sabía que ás 12 da noite non ían rematar, e di que non é porque lles deixe falar moito. Quere que lle serva de experiencia para que a próxima vez non se lle ocorra facer unha orde do día coma esta.

O Sr. Alcalde di que leva 12 anos no concello e que viu de todo, e houbo limitacións de tempo para falar e agora non pon ningún problema, pero di que lle molesta que se lle critique porque un pleno vai baleiro de contido e tamén polo contrario.

O Sr. Valín Valdés acusa de levar a pleno mocións fóra de tempo, extemporais.

O Sr. Alcalde contesta que se é así que non as debatan, que calen a boca.

O Sr. Valín Valdés di que iso é o que quere.

O Sr. Alcalde considera que levan 4 minutos con debate, e que igual podían ter avanzado xa moito en rogos e preguntas, polo que di que el non ten prása, pero hai 13 persoas e algún funcionario máis, que se o contido de rogos e preguntas é moi longo déixano, pero se se comprometen a facelos máis concretos seguen. Informa que sería deixalo para dentro de dous meses, no próximo pleno ordinario.

O Sr. Valín di que hai un pleno extraordinario a próxima semana e podíanse repartir a metade das mocións para cada pleno.

O Sr. Alcalde di que non o fai a propósito e contéstalle ao Sr. Valín Valdés que non é ninguén para dicirlle como ten que facer a orde do día. Di que está marcado na Lei de Réxime Local.

O Sr. Valín responde que por cansancio non vai conseguir convencelos, que por eles seguen.

O Sr. Alcalde pregunta ao seu grupo e deciden levantar a sesión en atención á conciliación da vida laboral e familiar.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as cero horas, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.